



DILIXENCIA: Para facer constar que o presente exemplar dos Estatutos da Federación Española de Deportes para Cegos foi ratificado pola Comisión Directiva do Consello Superior de Deportes, na súa sesión do día 12 de novembro de 2024, autorizando a súa inscrición no Rexistro Estatal de Entidades Deportivas; formalizándose a devandita inscrición coa sinatura «m60» no Libro de Rexistro de Estatutos Federativos na Sección Primeira do Rexistro Estatal de Entidades Deportivas do Consello Superior de Deportes:

O XEFE DO REXISTRO ESTATAL DE ENTIDADES DEPORTIVAS
Antonio Donaire Castro

Código seguro de Verificación: GEN-97d6-0858-4b0b-6954-03e4-2696-ba94-e6f4 | Póde verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm>

REXISTRO ESTATAL DE ENTIDADES DEPORTIVAS - Consello Superior de Deportes

CSV: GEN-97d6-0858-4b0b-6954-03e4-2696-ba94-e6f4

ENDEREZO DE VALIDACIÓN: <https://sede.administracion.gob.es/pagSedeFront/servicios/consultaCSV.htm>

SIGNATARIO(1): ANTONIO DONAIRE CASTRO | DATA: 03/12/2024 11:11 | Sen acción específica



ESTATUTOS DA FEDERACIÓN ESPAÑOLA DE DEPORTES PARA CEGOS

ÍNDICE

ÍNDICE	1
TÍTULO I - DISPOSICIÓN XERAIS	3
CAPÍTULO I Natureza, obxecto, réxime xurídico e fiscal	3
CAPÍTULO II Fins, competencias, ámbito de actuación e representatividade.....	6
CAPÍTULO III Do domicilio social e a súa modificación	9
TÍTULO II - DOS MEMBROS DA FEDERACIÓN	10
CAPÍTULO I Normas xerais	10
<i>Sección primeira. Dos membros da Federación.....</i>	<i>10</i>
<i>Sección segunda. Licenza federativa.....</i>	<i>10</i>
<i>Sección terceira. Deportistas e deportistas de apoio sen licenza federativa</i>	<i>14</i>
CAPÍTULO II Estamentos federativos	14
<i>Sección primeira. Deportistas</i>	<i>14</i>
<i>Sección segunda. Técnicos</i>	<i>15</i>
<i>Sección terceira. Xuíces/xuízas e árbitros/as.....</i>	<i>15</i>
CAPÍTULO III Federacións de ámbito autonómico	16
CAPÍTULO IV Delegacións Territoriais	17
CAPÍTULO V Clubs.....	18
CAPÍTULO VI Outros colectivos.....	18
TÍTULO III - ESTRUCTURA ORGÁNICA.....	19
CAPÍTULO I Estructura da Federación Española de Deportes para Cegos	19
CAPÍTULO II Asemblea Xeral	22
<i>Sección primeira. Composición, mandato e competencias</i>	<i>22</i>
<i>Sección segunda. Funcionamento, convocatoria e adopción de acordos</i>	<i>25</i>
CAPÍTULO III Comisión Delegada	28
CAPÍTULO IV Da presidencia	30
CAPÍTULO V Dos órganos de goberno complementarios	34

Sección primeira. Xunta Directiva	34
Sección segunda. Vicepresidencia	36
Sección terceira. Secretaría xeral	36
Sección cuarta. Dirección técnica de coordinación	37
CAPÍTULO VI Órganos técnicos.....	38
Sección primeira. Regras comúns	38
CAPÍTULO VII Gobernanza, bo goberno e transparencia.....	38
TÍTULO IV - RÉXIME DISCIPLINARIO	39
CAPÍTULO I Normas xerais	39
Sección primeira. Principios e procedementos	39
Sección segunda. Órganos disciplinarios.....	41
CAPÍTULO II Natureza, resolución de litixios e impugnación de acordos	42
CAPÍTULO III Loita contra a dopaxe	43
CAPÍTULO IV Medidas contra a violencia, o racismo, a xenofobia, condutas sexistas e contra a intolerancia no deporte	44
CAPÍTULO V Da prevención do acoso e abuso sexual	47
TÍTULO V - PROTECCIÓN DA SAÚDE DOS DEPORTISTAS	48
TÍTULO VI - RÉXIME ECONÓMICO	49
TÍTULO VII - RÉXIME DOCUMENTAL.....	51
TÍTULO VIII - EXTINCIÓN	52
TÍTULO IX - MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS.....	52
DISPOSICIÓNS ADICIONAIS	52
DISPOSICIÓN TRANSITORIA	54
DISPOSICIONES FINAIS.....	54

TÍTULO I - DISPOSICIÓN XERAIS

CAPÍTULO I Natureza, obxecto, réxime xurídico e fiscal

Artigo 1. Denominación e natureza xurídica

1. A Federación Española de Deportes para Cegos, en diante FEDC ou a Federación, é unha entidade asociativa privada, sen ánimo de lucro, con personalidade xurídica propia, plena capacidade de obrar e patrimonio propio e independente que, ao amparo do previsto na Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte, se constitúe como Federación polideportiva de ámbito estatal que xestiona as modalidades e especialidades deportivas para persoas con discapacidade visual (en diante tamén persoas con cegueira ou deficiencia visual grave), que cumpran os requisitos esixidos nos presentes Estatutos.

2. A FEDC é unha Entidade de utilidade pública e sen fins lucrativos, o que implica o recoñecemento dos beneficios que o ordenamento xurídico outorga con carácter xeral ás citadas entidades e, en especial, os previstos na Lei do Deporte e na súa normativa de desenvolvemento.

3. A FEDC xestiona, no seu ámbito de actuación, as seguintes modalidades e especialidades deportivas federadas:

MODALIDADE	ESPECIALIDADE
Xadrez	Xadrez
Atletismo	Pista
Atletismo	Ruta
Fútbol	Fútbol 5
Fútbol	Fútbol-Sala
Goalball	Goalball
Judo	Judo
Natación	Natación
Tiro	Tiro con carabina.

4. Por acordo maioritario da Asemblea Xeral, a FEDC poderá incluír novas modalidades ou especialidades, ou ben poderá excluír algunha das anteriormente citadas.

Artigo 2. Obxecto social e principios reitores

1. A FEDC ten como obxectivo social o fomento, a organización, a regulamentación, o desenvolvemento e a práctica deportiva das persoas con discapacidade visual, como elemento socialmente inclusivo e integrador. Para iso, desenvolverá a súa actividade en todo o territorio nacional, que será federada no caso das modalidades e especialidades deportivas recollidas nos presentes Estatutos e non federada para calquera outra modalidade ou especialidade deportiva que a Asemblea Xeral decida incluír no seu calendario deportivo coa finalidade de establecer as medidas de promoción e desenvolvemento do deporte de base e a captación de talento, mediante o

desenvolvemento de accións que potencien o crecemento e a evolución das persoas deportistas con cegueira ou deficiencia visual grave.

No caso das actividades federadas, poderán participar as persoas que cumpran os requisitos establecidos nos presentes Estatutos para obter licenza. No caso das actividades de promoción de modalidades ou especialidades non federadas, poderán participar as persoas que cumpran os requisitos establecidos na convocatoria de cada unha delas.

Debido ás especiais dificultades de mobilidade do colectivo ao que se dirixe (persoas con cegueira ou deficiencia visual grave), a FEDC ten o obxecto de apoialos nos seus desprazamentos cando estean relacionados coa práctica deportiva, mesmo mediante o traslado con vehículos propios, cedidos ou alugados.

No caso de que se formalizara a integración dalgunha modalidade ou especialidade deportiva do apartado 3 do artigo 1 na correspondente federación deportiva española, á que se refire o artigo 6.3 da Lei do Deporte, mediante a subscrición previa do correspondente convenio ratificado polas respectivas asembleas xerais, a FEDC asumirá a colaboración coa devandita federación deportiva nos labores de promoción e fomento do desenvolvemento da práctica deportiva de persoas con cegueira ou con discapacidade visual, incluído, no seu caso, a celebración de actividades de deporte inclusivo ou de promoción deportiva.

2. Son principios esenciais no funcionamento da Federación, os de autoorganización, representatividade e funcionamento democrático.

3. A FEDC, na súa xestión diaria, rexerase polos principios de eficiencia, eficacia na xestión, racionalidade, xerarquía e prudencia contábel. Ademais, observará os principios de funcionamento democrático, respecto, igualdade e rexeitamento da violencia no deporte, o racismo, a xenofobia, a intolerancia no deporte, así como a discriminación ou a incitación ao odio por razón de sexo, idade, discapacidade, saúde, orientación ou identidade sexual, nacionalidade, orixe racial ou étnico, relixión ou crenzas, ou calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social, así como a dopaxe e calquera tipo de actuación fraudulenta que se poida producir na actividade deportiva, fomentando o xogo limpo e a colaboración cidadá, a accesibilidade universal na práctica do deporte, a práctica deportiva en condicións idóneas de seguridade, que permitan o mantemento e a mellora da condición física e psíquica individual, sen producir dano ou risco.

4. En consonancia co principio de igualdade, a FEDC garante un trato igualitario entre todas as persoas deportistas, con independencia do seu sexo, en eventos e competicións deportivos, así como nas condicións nas que se desenvolve a preparación física e a asistencia médica entre deportistas e equipos femininos e masculinos dunha mesma especialidade deportiva.

Artigo 3. Lexislación e normativa aplicábel

1. No seu funcionamento, a FEDC réxese pola Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte, a Lei orgánica 11/2021, de 28 de decembro, de loita contra a dopaxe no deporte e as demais disposicións estatais que lle foren aplicábeis e normas de desenvolvemento destas, así como as que de futuro poidan substituír, modificar ou complementar a citada lexislación.

2. A efectos informativos, poderase publicar na páxina web federativa una táboa ou relación de normas aplicábeis, actualizándose cando for necesario.

3. Así mesmo, a Federación rexerese polos presentes Estatutos, polos seus Regulamentos e polas demais normas de orde interna que se promulguen, respectando a lexislación vixente e as disposicións estatutarias que sexan validamente aprobadas e publicadas polos órganos federativos competentes seguindo o procedemento establecido en cada caso.

4. A estes efectos, a xestión da Federación rexerese polas seguintes normas, as cales teñen forza vinculante:

- a) Os Acordos da Asemblea Xeral da Federación.
- b) Os Acordos dos diversos órganos colexiados da Federación.
- c) As Normas Internas de Funcionamento e as instrucións impartidas pola presidencia na calidade de órgano de goberno da FEDC ou en execución dos acordos das letras a) e b).
- d) Os regulamentos e normativas que regulen as modalidades e especialidades deportivas que a Federación xestiona en cada momento, aprobados pola Comisión Delegada.
- e) O Código de disciplina deportiva, no referente ao réxime sancionador.
- f) O Regulamento de funcionamento interno.
- g) As normativas reguladoras das diversas materias de índole non deportiva.
- h) As instrucións que desenvolvan aspectos particulares das distintas actividades da FEDC.

5. A competencia e procedemento para a adopción dos acordos e normas internas contéplase nos presentes Estatutos e no Regulamento de funcionamento interno.

6. Toda a normativa interna da Federación, unha vez aprobada, entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación na web, agás cando no propio texto se estableza un criterio diferente.

7. Así mesmo, son de obrigado cumprimento as instrucións que, en base ao principio organizativo, impartan os superiores xerárquicos.

Artigo 4. Réxime fiscal aplicábel

1. Por ser unha entidade sen ánimo de lucro que desenvolve actividades de interese xeral ou declaradas polo Goberno da nación como de interese público, o réxime fiscal aplicábel á Federación é o contido na Lei 49/2002, de 23 de decembro, de réxime fiscal das entidades sen fins lucrativos e dos incentivos fiscais ao mecenado, ou norma que a substitúa.

2. A FEDC poderá acollerse a calquera outra norma estatal, autonómica ou local que lle poida reportar beneficios fiscais.

CAPÍTULO II

Fins, competencias, ámbito de actuación e representatividade

Artigo 5. Fins

1. Constitúen fins da FEDC:

- a) O fomento e o desenvolvemento das modalidades e especialidades deportivas recollidas nos presentes Estatutos, que a FEDC xestiona en todo o territorio do Estado.
- b) Desenvolver, programar, cualificar, regulamentar e organizar competicións oficiais, non oficiais, internacionais, estatais ou de ámbito territorial inferior ao estatal, nas modalidades deportivas que xestione en cada momento. A execución destas actividades poderá realizalas por si mesma ou en colaboración con outras persoas físicas ou xurídicas.
- c) Apoiar aos deportistas adscritos á FEDC para que poidan participar, tanto nas actividades deportivas de deporte federado e non federado organizadas pola Federación, como en aquelas outras celebradas en colaboración con outras federacións de persoas con discapacidade ou de deporte inclusivo en actividades organizadas por federacións unideportivas ou absolutas ou pola FEDC de maneira conxunta con estas.
- d) Realizar, por si mesma ou a través de acordos de colaboración con outras persoas físicas ou xurídicas, actividades de promoción e desenvolvemento do deporte base e do talento para novos valores, que permitan o acceso destes á alta competición, na propia FEDC ou nas federacións unideportivas que xestionen a modalidade ou especialidade deportiva que practiquen.
- e) A colaboración, participación ou execución de accións de fomento, actividades e encontros para a captación de novos deportistas, por si mesma ou a través de convenios con persoas físicas ou xurídicas, así como coadxuvar neste ámbito en tarefas desenvolvidas polas federacións autonómicas e delegacións territoriais da FEDC.
- f) Calquera outra actividade que, relacionada coas anteriormente citadas, facilite a consecución dos seus fins.

2. Para desenvolver as súas actividades, a FEDC poderá subscribir acordos de colaboración ou convenios con outras federacións de persoas con discapacidade, federacións unideportivas, clubs deportivos ou calquera entidade pública ou privada que teña a finalidade de promover, incentivar e desenvolver actividades deportivas que poidan realizar as persoas con discapacidade visual de maneira específica ou inclusiva.

3. A Federación poderá formar parte de organismos multifederacionais ou integrarse en confederacións que nun futuro puideren xurdir, sempre que estas entidades teñan fins análogos aos da FEDC e esta inclusión non prexudique os seus intereses. O acordo deberá ser referendado por unha maioría equivalente ás tres quintas partes do número de membros da Asemblea Xeral e deberá asegurar para a FEDC unha representatividade nos órganos de goberno e de representación, acorde coa súa achega económica, número de competidores que achegue e resultados obtidos por estes.

4. A Federación non admitirá inxerencias externas que afecten ou poidan prexudicar o seu funcionamento, intereses e fins.

Artigo 6. Funcións

Sen prexuízo das competencias que poidan corresponder ás Federacións Autonómicas nos seus respectivos ámbitos territoriais, en cumprimento dos fins da FEDC recollidos nos presentes Estatutos, considéranse funcións da FEDC as seguintes:

- a) Organizar ou tutelar as competicións oficiais de carácter internacional que se celebren no territorio do Estado, de conformidade co previsto na lexislación vixente.
- b) Organizar as actividades e competicións deportivas oficiais de ámbito estatal. Para a organización destas actividades e competicións deportivas oficiais de ámbito estatal non se poderá establecer relación comercial con deportistas en activo susceptibles de participar nas mesmas.
- c) Recoñecer e, no seu caso, organizar actividades e competicións non oficiais que se poidan desenvolver no seu ámbito, con participación de equipos e deportistas de máis dunha comunidade autónoma, e fixar os requisitos e condicións da celebración destas actividades. A celebración destas competicións ou actividades poden vir impulsadas pola propia federación ou por institucións públicas ou privadas que soliciten recoñecemento federativo.
- d) Establecer, nas competicións nas que existen relacións laborais e económicas, sistemas de prevención da insolvencia e de pagamento de salarios das persoas deportistas e das débedas nos termos previstos na lexislación vixente.
- e) Elaborar e aprobar a normativa estatutaria e regulamentaria para a súa ratificación posterior polo Consello Superior de Deportes
- f) Promover o desenvolvemento da actividade deportiva que se corresponda coa súa modalidade ou especialidades deportivas en todo o ámbito do Estado, establecendo medidas de promoción e desenvolvemento do deporte base e do talento.
- g) Deseñar, elaborar e executar, no marco das súas competencias e en coordinación, no seu caso, coas federacións de ámbito autonómico, os plans de preparación das persoas cualificadas de alto nivel e de alto rendemento.
- h) Contribuír coa Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas na prevención, control e represión do uso de substancias e grupos farmacolóxicos prohibidos e métodos non regulamentarios no deporte.
- i) Elixir as persoas deportistas que deben integrar as seleccións españolas.
- j) Exercer a potestade disciplinaria, naquelas cuestións que non teñan a consideración de función pública de carácter administrativo delegada, dentro das competencias que lle son propias.
- k) Desenvolver programas de tecnificación deportiva.
- l) Colaborar coas Administracións Públicas no desenvolvemento de políticas públicas e accións que estean vinculadas co seu obxecto social.

- m) Todas aquelas que poidan redundar en beneficio das actividades que lle son propias e sirvan ao desenvolvemento das súas modalidades e especialidades deportivas.
- n) Organizar, en solitario ou en colaboración con outras federacións ou entidades públicas ou privadas, actividades de ámbito non federado, para a promoción de calquera modalidade ou especialidade deportiva practicada por persoas con cegueira ou deficiencia visual grave non recollida nos presentes Estatutos, coa finalidade de fomentar a práctica deportiva entre as persoas con discapacidade visual.
- o) Calquera outras previstas nas disposicións normativas vixentes.

Artigo 7. Funcións públicas de carácter administrativo

Alén das súas actividades propias, corresponden á FEDC, baixo a coordinación e tutela do Consello Superior de Deportes, as seguintes funcións públicas de carácter administrativo.

- a) Executar o establecido nos Programas de Desenvolvemento Deportivo subscrito co Consello Superior de Deportes.
- b) Cualificar as competicións deportivas oficiais de ámbito estatal e organizar, no seu caso, as competicións deportivas oficiais de ámbito estatal non profesionais. A organización de tales competicións enténdese referida á regulación do marco xeral das mesmas.
- c) Expedir licenzas nos termos previstos na lexislación vixente. Unicamente terá carácter de función pública de ámbito administrativo o acto ou resolución polo que se concede ou se denega a expedición da licenza.
- d) Outorgar e exercer o control das subvencións que asignen ás asociacións e entidades deportivas como consecuencia do exercicio de potestades públicas, na forma que regulamentariamente se determine.
- e) Colaborar coa Administración Xeral do Estado e as comunidades autónomas, tanto na formación dos técnicos deportivos no marco da regulación e control das ensinanzas deportivas en réxime especial, como nos programas de formación continua.
- f) Exercer a potestade disciplinaria nos termos establecidos na Lei do Deporte e as súas disposicións de desenvolvemento.

Artigo 8. Ámbito de actuación.

O ámbito de actuación da Federación Española de Deportes para Cegos, no desenvolvemento das competencias que lle son propias de defensa e promoción xeral do deporte federado de ámbito estatal, esténdese ao conxunto do territorio nacional, e a súa organización territorial axustarase á do Estado, en comunidades autónomas.

Artigo 9. Representación.

1. A Federación asume a representación española do deporte para persoas cegas ou con deficiencia visual grave nas actividades e competicións deportivas oficiais de carácter internacional celebradas fóra e dentro do territorio español.

2. Para organizar, solicitar ou comprometer actividades ou competicións internacionais, a FEDC deberá obter autorización do Consello Superior de Deportes ou órgano que o substitúa.

3. A FEDC representa en España, con carácter exclusivo, aos seguintes organismos internacionais:

- a) International Blind Sports Association (IBSA).
- b) International Paralympic Committee (IPC), en todo o relacionado co deporte para persoas con discapacidade visual.
- c) International Braille Chess Association (IBCA).
- d) Cantos outros organismos internacionais se puidesen crear para a promoción do deporte para persoas con discapacidade visual, sempre que o seu obxecto social coincida co da Federación.

CAPÍTULO III Do domicilio social e a súa modificación

Artigo 10. Domicilio social.

1. O domicilio social da FEDC localízase en Madrid, en Camino de Hormigueras, 172, código postal 28031, ficando facultada a Xunta Directiva, a proposta da presidencia da Federación, para acordar a modificación da sede social dentro do mesmo termo municipal, informando posteriormente desta circunstancia e da nova sede social á Asemblea Xeral da entidade.

2. Se o traslado de domicilio social se realizase a unha poboación diferente, o acordo, por delegación expresa da Asemblea Xeral, será adoptado pola Comisión Delegada a proposta da presidencia da FEDC, informando da resolución á Asemblea, na primeira sesión ordinaria ou extraordinaria que esta convoque, indicando os motivos que xustifican esta decisión.

TÍTULO II - DOS MIEMBROS DA FEDERACIÓN

CAPÍTULO I Normas xerais

Sección primeira. Dos membros da Federación

Artigo 11. Membros.

Serán membros da Federación Española de Deportes para Cegos:

- a) Deportistas cunha discapacidade visual dentro dos límites recollidos nos presentes Estatutos e que teñan licenza en vigor, cumprindo con todos os requisitos esixidos para seren federados.
- b) Deportistas sen discapacidade visual que teñan licenza en vigor como deportistas de apoio, cumprindo con todos os requisitos para obtela (porteiros, guías, etc.).
- c) Persoal técnico adscrito á FEDC, que teña licenza en vigor, cumprindo con todos os requisitos esixidos para iso.
- d) Persoas que desempeñen funcións de xuíces/xuízas e árbitros/as que teñan licenza nalguna das modalidades deportivas xestionadas pola Federación, cumprindo todos os requisitos necesarios para isto.
- e) As federacións de ámbito autonómico que aprobaran e asinaran o convenio de integración na FEDC.
- f) As declaracións territoriais da FEDC.
- g) Así mesmo, formará parte da Federación, como membro e colectivo interesado, a Organización Nacional de Cegos Españois (ONCE).

Artigo 12. Dereitos e deberes.

Son dereitos e deberes dos distintos estamentos federativos os que se encontran previstos expresamente na Lei 39/2022, de 30 de decembro do Deporte, a nas súas disposicións de desenvolvemento.

Sección segunda. Licenza federativa

Artigo 13. Licenza federativa.

A licenza federativa é o documento mediante o que se concreta a relación entre a FEDC e as persoas obrigadas á súa formalización. Con ela acredítase documentalmente a integración na Federación, servindo de título acreditativo para o exercicio dos dereitos e deberes recoñecidos polos presentes Estatutos aos seus titulares, sempre que cumpran ademais co resto de requisitos esixidos.

A perda ou suspensión da licenza federativa por calquera das causas legal ou estatutariamente previstas suporá a perda da condición de membro da Federación, temporal ou definitivamente.

Artigo 14. Persoas que deben dispor de licenza federativa.

Para que poidan participar nas actividades federadas organizadas pola FEDC como membros de pleno dereito, alén de reunir os requisitos esixidos nos presentes Estatutos e na normativa de desenvolvemento, deberán contar, con carácter previo ao comezo da actividade ou da competición con licenza deportiva en vigor, actualizada e non suspendida ou inhabilitada, as seguintes persoas:

- a) Deportistas.
- b) Deportistas de apoio.
- c) Técnicos/as.
- d) Quen realice funcións de árbitro/a ou xuíz/a de aquelas disciplinas que, por ser específicas de persoas con discapacidade visual, non estean integradas en colexios ou asociacións arbitrais legalmente constituídas ou que, a pesar de esixir colexios ou asociacións arbitrais, a FEDC decida que é máis adecuado que teñan licenza da Federación, debido á especificidade das normas aplicábeis á práctica deste deporte por parte de persoas con discapacidade visual.

Artigo 15. Imposibilidade de tramitación de licenza deportiva.

1. Está inhabilitada para obter a licenza deportiva calquera persoa que fora sancionada tanto por dopaxe no ámbito autonómico, estatal e internacional, como se foi inhabilitada pola comisión de infraccións distintas á dopaxe previstas na Lei Orgánica 11/2021, de 28 de decembro, de loita contra a dopaxe no deporte, mentres se atope cumprindo a sanción respectiva e non fora rehabilitada.

2. Tampouco a poderán obter aquelas persoas que se encontren sancionadas con suspensión da licenza como consecuencia dunha infracción das normas xerais deportivas ou por calquera infracción contemplada na lexislación ou na normativa interna da Federación, até que cumpran a sanción na súa totalidade.

3. Para estes efectos, a FEDC e as federacións autonómicas nela integradas, reciprocamente, daranse traslado, de maneira inmediata, dunha copia das sancións que impidan a tramitación da licenza deportiva.

Artigo 16. Expedición e requisitos da licenza federativa.

1. A licenza deportiva será expedida pola FEDC cando non estea constituída na demarcación xeográfica correspondente unha federación autonómica ou, no caso de habela, se a federación autonómica non puiden expedila por imposibilidade material.

Tamén se expedirá licenza deportiva pola FEDC cando así se determine pola propia federación autonómica, cando a federación autonómica non estiver integrada na FEDC e nos demais casos legalmente previstos.

2. A expedición da licenza efectuarase nun prazo inferior a quince días hábiles, contados estes desde a formalización da súa solicitude e a entrega da documentación completa que xustifique os requisitos esixidos regulamentariamente.

3. Se por calquera razón legalmente xustificada houberse que denegar a expedición da licenza federativa, será comunicada esta circunstancia mediante resolución debidamente

motivada. Contra esta resolución poderá dirixirse recurso de alzada perante o Consello Superior de Deportes no prazo dun mes.

4. A práctica de cada unha das modalidades ou especialidades deportivas xestionadas pola FEDC requirirá a expedición da súa propia licenza, sempre que a persoa cumpra os requisitos esixidos e aboe, no seu caso, a cota adicional.

5. As federacións deportivas autonómicas deberán tramitar as licenzas deportivas a través da aplicación informática que a FEDC estableza en cada momento, cubrindo a información requirida e achegando a documentación que estableza a normativa interna da FEDC. No caso de non facelo, a FEDC non poderá validar a licenza nacional. A lingua para comunicar os datos á FEDC será o castelán.

6. A Comisión Delegada, mediante normativa, desenvolverá o procedemento e requisitos para a obtención da licenza.

Artigo 17. Cota.

1. Para que se poida expedir a licenza deportiva, alén de cumprir os requisitos que esixan a lexislación vixente e a normativa interna da Federación, a persoa interesada deberá aboar a correspondente cota.

2. No caso de que o deportista desexe darse de alta en máis dunha especialidade deportiva, deberá aboar a cota complementaria que para estes efectos se puiden fixar.

3. Será competencia da Asemblea Xeral da FEDC a aprobación da cota da licenza deportiva pola maioría establecida, legal e estatutariamente.

4. Así mesmo, atendendo principalmente aos servizos reciprocamente prestados entre a FEDC e as federacións autonómicas integradas e respectando a liberdade de cada unha destas últimas para fixar e percibir a súa propia cota cando a federación autonómica teña capacidade de expedir licenza deportiva, a Asemblea Xeral poderá acordar fixar unha cota compensatoria que as federacións autonómicas aboarán á FEDC. Os convenios de integración das federacións autonómicas na FEDC fixarán os prazos de aboamento e o montante a percibir das cotas económicas derivadas da licenza. As licenzas reflectirán separadamente o custo dos seguros subscritos e as cotas que corresponden á FEDC e á federación autonómica, polo menos, na lingua española oficial do Estado.

Artigo 18. Contido e forma da licenza deportiva.

1. Na licenza deportiva, ademais dos datos identificadores da persoa titular, deberán figurar, como mínimo, os seguintes conceptos económicos:

- a) Cota total desagregando o custo dos seguros subscritos e as cotas que corresponden á FEDC e á federación autonómica, polo menos, na lingua española oficial do Estado.
- b) Especialidade deportiva.
- c) Outros requisitos esixidos polas leis ou pola normativa da FEDC.

2. A licenza será electrónica, bastando coa presentación do DNI ou pasaporte para a súa xustificación. A FEDC poderá elaborar un documento xustificativo da emisión da licenza

e remítilo por medios telemáticos a aquelas persoas que proporcionaran os datos necesarios para isto.

Artigo 19. Alcance e efectos da licenza deportiva.

1. A licenza producirá efectos desde o momento no que se inscriba no rexistro da FEDC ou no da federación autonómica competente para a súa expedición.

2. A licenza deportiva, unha vez obtida, habilita ao seu titular para participar en calquera competición ou concentración oficial, calquera que for o seu ámbito territorial, sempre que cumpra, ademais, con todos os requisitos establecidos na convocatoria correspondente.

3. Así mesmo, cada persoa federada terá dereito a ser beneficiaria dun seguro de accidente deportivo, cuxa cobertura estará fixada na lexislación vixente en cada momento.

4. A licenza federativa outorgará ao seu titular o dereito de sufraxio activo e pasivo, sempre que cumpra con todos os requisitos esixidos na normativa reguladora das eleccións internas da FEDC.

Artigo 20. Perda da licenza federativa.

A licenza federativa perderase cando concorra algunha ou algunhas das seguintes causas:

- a) Por vontade expresa da persoa federada.
- b) Por sanción disciplinaria.
- c) Á finalización de cada temporada deportiva. Na normativa de desenvolvemento fixarase o período de duración da temporada que, con carácter xeral, abarcará 12 meses, comprendidos entre o 1 de outubro e o 30 de setembro do ano seguinte.

Artigo 21. Do censo de licenzas.

1. Corresponde á FEDC a elaboración e permanente actualización do censo de licenzas deportivas, que deberá estar a disposición de todas as federacións autonómicas, as cales poderán dispor dos seus propios censos ou rexistros das licenzas que expidan, respectando en todo caso a lexislación en materia de protección de datos.

2. A Comisión Delegada aprobará a normativa que estableza o procedemento, requisitos, elaboración e publicación do censo de licenzas, podendo establecerse a posibilidade de que se faga en sede electrónica.

Artigo 22. Tramitación de licenzas internacionais.

Será competencia exclusiva da FEDC a tramitación de licenzas internacionais, naquelas especialidades deportivas que xestione.

Sección terceira. Deportistas e deportistas de apoio sen licenza federativa

Artigo 23. Vinculación á FEDC.

Para a participación nas actividades de promoción deportiva organizadas pola FEDC, tanto os/as deportistas con discapacidade visual como, no seu caso, os/as deportistas de apoio, deberán subscribir o correspondente documento que permita á Federación dispor dos seus datos para xestionar a súa participación, verificar que cumpren os requisitos establecidos na convocatoria e contratar o necesario seguro que cubra calquera incidente que se poida producir durante o desenvolvemento da actividade.

A FEDC, segundo o seu propio criterio, poderá establecer un importe económico que a persoa que solicite este documento deberá aboar para obtelo e concederá ao seu titular os dereitos que estes Estatutos e a normativa interna da FEDC determinen para as persoas que participen en actividades de promoción de deportes non federados.

Este documento terá a vixencia que se estableza nel e autorizará ao seu titular a participar exclusivamente nas actividades que se indiquen da modalidade ou especialidade deportiva que se mencione.

Este documento non establece un vínculo de permanencia á FEDC, non inclúe ao seu titular en ningún dos estamentos da Federación, nin lle outorga os dereitos que concede a titularidade da licenza federativa.

CAPÍTULO II Estamentos federativos

Sección primeira. Deportistas

Artigo 24. Requisitos para a admisión e clasificación visual.

1. Poderán obter licenza federativa como deportistas as persoas que, cumprindo os requisitos contidos nos presentes Estatutos e na normativa interna da FEDC, acrediten ter unha deficiencia elixíbel de acordo cos parámetros definidos pola Asociación Internacional de Deportes para Cegos (International Blind Sports Association, en diante, IBSA) e cumpran o Regulamento de Clasificación Visual aprobado pola FEDC para cada unha das modalidades ou especialidades deportivas que xestiona.

2. IBSA establece a elixibilidade de cada deportista para cada deporte en función da agudeza visual e do campo visual no mellor dos seus ollos, empregando os medios de corrección que use habitualmente, e concreta os límites en ambos os casos de maneira diferente para distintas modalidades ou especialidades deportivas, non existindo un criterio común a todas elas. A FEDC publicará na súa páxina web os datos vixentes para cada deporte en cada momento.

3. Cada deportista clasificarase segundo as categorías vixentes no seo de IBSA para cada un dos deportes, en cada momento, realizando as medicións no mellor ollo e coa mellor corrección posíbel.

4. A denominación das clases visuais para cada deporte adecuarase ao establecido para cada unha das federacións internacionais, tanto á hora de participar en competicións convocadas por estas como nas actividades da FEDC.

5. Para obter a condición de federado na FEDC, ao/á deportista debe asignárselle unha clase visual, de acordo cos Regulamentos de clasificación aprobados pola FEDC para cada unha das modalidades ou especialidades deportivas. Para tal fin, asignaráselle unha clase “Nova” e, posteriormente, será convocado/a a unha mesa de clasificación. En ambos os casos, será requirido que achegue os informes oftalmolóxicos establecidos na normativa interna e, no caso de se precisar, tamén probas complementarias.

6. A clase visual asignada será revisada segundo o establecido nos Regulamentos de clasificación, sendo de aplicación a estas revisións os criterios definidos nos parágrafos anteriores deste artigo.

7. É requisito esencial para concorrer a calquera actividade deportiva da FEDC, quer de ámbito estatal quer internacional, que cada deportista teña unha clase visual asignada e que asista ás mesas de clasificación ás que sexa convocado/a, achegando para estes efectos toda a documentación que lle sexa requirida. A negativa a pasar calquera destes recoñecementos suporá a imposibilidade de participar nas actividades deportivas.

8. Os/as deportistas que participen en actividades de promoción de modalidades ou especialidades deportivas non federadas deberán cumprir os requisitos visuais e pasar polo procedemento de clasificación visual recollido nos parágrafos precedentes.

Sección segunda. Técnicos

Artigo 25. Requisitos para a súa integración

1. Poderá inscribirse como membro da Federación Española de Deportes para Cegos o persoal técnico que teña licenza da FEDC e interveña en competicións de ámbito estatal ou estea ao servizo de equipos ou deportistas con discapacidade visual que participen nestas competicións.

2. A Federación, en execución dos criterios que se establezan na lexislación vixente, determinará mediante normativa interna os requisitos de titulación para a obtención da licenza correspondente a cada modalidade deportiva.

Sección terceira. Xuíces/xuízas e árbitros/as

Artigo 26. Requisitos para a súa integración

1. Poderá inscribirse como xuíz/xuíza e árbitro/a quen obtivera a titulación que, a xuízo da FEDC, o/a habilite para o desempeño desa función para cada deporte e superara os cursos de capacitación que esta estableza.

2. Para o caso de modalidades deportivas específicas para persoas con discapacidade visual, bastará con superar os cursos de capacitación e os que a FEDC programe como formación continua.

3. A forma na que se integrarán, o alcance dos seus dereitos e obrigas determinarase mediante normativa interna.

Artigo 27. Obriga de imparcialidade.

Xuíces/xuízas e árbitros/as teñen a obriga de coñecer, respectar e aplicar con rectitude e de maneira imparcial, as normativas e regulamentos publicados pola FEDC.

CAPÍTULO III Federacións de ámbito autonómico

Artigo 28. Integración na FEDC das federacións de ámbito autonómico.

1. Para a participación dos seus membros en actividades ou competicións deportivas oficiais de carácter estatal ou internacional, as federacións deportivas de ámbito autonómico deberán integrarse na Federación. Para isto, será necesario buscar as fórmulas máis axeitadas, asegurando, en todo caso, a compatibilidade material e real dos Estatutos, obxecto e fins de ambas as entidades federativas. Non se poderán integrar na FEDC as federacións autonómicas cuxo obxecto sexa material ou formalmente incompatible co de aquela.

2. O feito da integración non suporá obriga de contido económico por este concepto, sen prexuízo de que os convenios de integración poidan establecer o aboamento de cotas ou prezos por outros conceptos, servizos ou dereitos que a FEDC poña a disposición das federacións autonómicas e dos seus integrantes.

3. En todo o relativo á integración das federacións autonómicas na FEDC estarase ao convenio de integración que deberá ser aprobado e establecido nos termos e condicións previstos na lexislación vixente. Este convenio entre federacións autonómicas e a FEDC será único para todas, e conterá as obrigas de contido económico e a concreción dos criterios de responsabilidade na Asemblea Xeral en todo aquilo que non estea regulado nos presentes Estatutos.

4. Cando unha federación autonómica non subscriba ou forme parte do convenio de integración coa FEDC, as partes estarán ao previsto no desenvolvemento regulamentario da Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte en canto á distribución de obrigas mínimas a cumprir pola súa parte.

5. Nos casos de situacións graves e persistentes de incumprimento ou quebranto das disposicións normativas ou os acordos convidados por parte dunha federación autonómica coa FEDC, e seguindo o procedemento previsto nos convenios de integración, poderán determinarse a separación ou desintegración de aquela ao respecto desta. A decisión final sobre a separación ou desintegración recaerá na Asemblea Xeral da FEDC.

6. Os acordos de integración e separación adoptados deberán ser ratificados polo Consello Superior de Deportes antes da súa inscrición no Rexistro Estatal de Entidades Deportivas. Para isto, a FEDC deberá comunicar os devanditos acordos ao Consello Superior de Deportes, para os efectos de que este organismo verifique a súa adecuación e cumprimento do disposto na lexislación deportiva de aplicación. A resolución do Consello Superior de Deportes poderá ser recorrida nos termos previstos no artigo 118 da Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.

7. No caso de xurdir un conflito entre unha federación autonómica e a FEDC por calquera causa, aplicarase o sistema extraxudicial de resolución de conflitos previsto nos presentes Estatutos.

Artigo 29. Coordinación coas federacións autonómicas.

Con base no principio de lealdade institucional, as federacións autonómicas deberán comunicar á FEDC, na forma que se estableza nos correspondentes acordos, a seguinte información:

- a) Previo ao comezo de cada temporada, a compañía aseguradora coa que concerte as pólizas de responsabilidade civil, atención médica dos deportistas en accidentes ocorridos con ocasión das competicións e adestramentos, e calquera outra.
- b) Calendario autonómico de competicións, se as houber.
- c) Información sobre subvencións obtidas de organismos autonómicos, locais e entidades privadas, con destino á celebración de calquera competición. Esta información será esencial achegala, se se pedise unha subvención á FEDC.

Artigo 30. Subvencións.

1. A FEDC poderá, cando así o considere necesario, outorgar subvencións totais ou parciais ás federacións autonómicas e clubs integrados nela. Para estes efectos, a FEDC establecerá por medio de normativa o procedemento e os requisitos necesarios para, mediante convenio, fixar a contía, forma de pagamento e aplicación da subvención para o fin para o que foi demandada.

2. Será imprescindíbel que o solicitante realice cantas xestións sexan necesarias para obter outras axudas e subvencións de entidades públicas ou privadas, comunicando á FEDC tanto as que solicitou como a concesión ou denegación destas.

3. A contía máxima da subvención non poderá superar o 100% do gasto da actividade, unha vez descontado do total, outras subvencións e axudas obtidas pola federación autonómica ou club, así como os gastos de persoal.

4. Tanto a concesión como a xustificación da subvención concedida deben axustarse e cumprir con todos os requisitos que estableza o CSD nesta materia.

CAPÍTULO IV

Delegacións Territoriais

Artigo 31. Delegacións territoriais da FEDC.

1. Cando nunha comunidade autónoma non exista federación deportiva autonómica ou non se integrara na Federación Española de Deportes para Cegos, esta última poderá establecer na devandita comunidade, se así o estima necesario, unha delegación territorial, respectando en todo caso a organización autonómica do Estado.

2. As funcións da delegación territorial centraranse en desenvolver a actividade puramente estatal e habilitar para a participación nas competicións estatais.

3. Estará integrada por unha persoa cuxo nomeamento e cesamento compete á presidencia da FEDC.

CAPÍTULO V

Clubs

Artigo 32. Requisitos para a súa integración

1. Poderán ser membros da Federación, os clubs deportivos legalmente constituídos e inscritos no rexistro correspondente, que teñan por finalidade a práctica de todas, algunha ou algunhas das modalidades ou especialidades deportivas que xestiona a Federación e que participen como colectividade nas competicións oficiais de ámbito estatal.

2. Os clubs deberán estar constituídos en máis dun 60% por persoas con discapacidade visual nos termos recollidos nos presentes Estatutos.

3. O obxecto e fins dos clubs que desexen formar parte da Federación Española de Deportes para Cegos deberá ser compatíbel co obxecto, natureza e fins desta, debendo reunir os requisitos formais e materiais esixidos estatutariamente e respectar as normas da FEDC.

4. Os clubs deportivos deberán inscribirse no correspondente Rexistro de Entidades deportivas da comunidade autónoma onde teñan o seu domicilio social. O recoñecemento para efectos deportivos de clubs deportivos acreditarase mediante a certificación da inscrición rexistral.

5. Para participar en competicións ou actividades de carácter oficial, os clubs deportivos deberán inscribirse previamente na federación autonómica.

CAPÍTULO VI

Outros colectivos

Artigo 33. Integración doutros colectivos.

1. Intégrase na Federación Española de Deportes para Cegos, como membro de pleno dereito, a Organización Nacional de Cegos Españóis (ONCE), como entidade que agrupa a unha gran parte das persoas con capacidade visual que teñen licenza da FEDC.

2. A ONCE poderá designar un ou varios representantes para a participación nos diversos órganos federativos, sendo comunicados os nomeamentos por escrito asinado polo representante legal da organización.

3. A ONCE poderá en calquera momento relevar ou substituír destes cargos os representantes antes sinalados, seguindo o mesmo procedemento do parágrafo anterior.

4. Así mesmo, poderá postular candidatos á presidencia da FEDC perante a Asemblea Xeral.

5. As relacións entre a FEDC e a ONCE serán plasmadas no oportuno acordo ou convenio.

TÍTULO III - ESTRUTURA ORGÁNICA

CAPÍTULO I Estrutura da Federación Española de Deportes para Cegos

Artigo 34. Organigrama.

1. A Federación Española de Deportes para Cegos estrutúrase en órganos de goberno e representación, órganos complementarios destes, órganos técnicos e órganos disciplinarios.

2. A FEDC disporá dos medios persoais e materiais precisos para asegurar o adecuado funcionamento de todos os órganos federativos, especialmente en relación cos medios técnicos necesarios para o desenvolvemento das reunións telemáticas, así como para o cumprimento dos seus fins.

3. Con independencia das responsabilidades penais, civís e administrativas que de forma xeral consagra o ordenamento español, as persoas que forman parte dos diferentes órganos da FEDC son responsábeis especificamente dos actos, acordos e resolucións adoptados por aquel do que forman parte, agás no caso de que salvaran expresamente o seu voto nos acordos. Tamén son responsábeis, nos termos previstos na lexislación deportiva xeral, nos presentes Estatutos e nos seus Regulamentos, polo incumprimento dos acordos de calquera órgano federativo, normas xerais ou comisión das faltas previstas no réxime disciplinario federativo.

Artigo 35. Órganos de goberno e representación.

Constitúen órganos necesarios de goberno e representación da Federación, a Asemblea Xeral e a presidencia.

Artigo 36. Órganos complementarios.

No seo da Asemblea Xeral, como órgano de apoio desta, constituirase unha Comisión Delegada.

Consideraranse órganos de apoio da presidencia da Federación, cuxos membros serán libremente designados e revogados por esta, os seguintes:

- Xunta Directiva.
- Vicepresidencia.
- Secretaría xeral
- Dirección Técnica de Coordinación

Artigo 37. Órganos técnicos.

Son órganos técnicos os seguintes:

- Comisión de Igualdade.
- Comisión de deporte inclusivo.

Os membros adscritos aos órganos técnicos serán designados e revogados libremente pola presidencia, que poderá modificalos, así como suprimir ou crear cantos Comités sexan necesarios para unha mellor e máis eficiente xestión.

As normas comúns de funcionamento de todas as Comisións e Comités son as seguintes:

- Celebrarán unha reunión anual ordinaria e tantas extraordinarias como sexa preciso, a convocatoria da Presidencia ou da maioría simple dos seus compoñentes.
- Todas as persoas que os conforman teñen dereito de voz e voto. Adoptarán as súas decisións por maioría simple, tendo a Presidencia voto de calidade no caso de empate.
- A Secretaría remitirá as convocatorias e elaborará as actas de cada reunión, aplicando os mesmos procedementos previstos nestes Estatutos para as convocatorias e actas da Asemblea Xeral.

Artigo 38. Comisión de Igualdade.

A Comisión de Igualdade da FEDC estará integrada polas seguintes persoas:

- Un/unha representante da Xunta Directiva
- Un/unha representante do persoal técnico
- Un/unha representante do colectivo de deportistas
- O/a delegado/a de protección

Elixirá de entre os seus membros á Presidencia e á Secretaría.

As súas funcións son:

- As establecidas polo Comité Asesor no PROTOCOLO PARA A PREVENCIÓN, DETECCIÓN E ACTUACIÓN FRONTE AO ACOSO E ABUSO SEXUAL vixente na FEDC. Polo tanto, adoptará as medidas que estime oportunas con relación ás condutas de violencia sexual, de acordo ao código de conduta establecido para cada caso (persoal, deportistas, familias, etc.), en función da gravidade das mesmas e, en todo caso, respectando as decisións adoptadas polas autoridades competentes.
- Xestionar as situacións detectadas relativas á discriminación por razón de sexo, orientación sexual ou identidade sexual, así como de orientar a deportistas e persoal da federación na prevención e detección destas situacións.
- Elaborar os informes relativos ás súas actuacións que sexan requiridos, pola FEDC, polas autoridades ou polas administracións públicas.
- Colaborar na formación do persoal da FEDC respecto ás situacións de acoso ou abuso sexual ou por razón de sexo.
- Analizar a participación feminina en todos os ámbitos federativos e propor liñas de actuación para melloralas.
- Analizar as situacións de discriminación por calquera causa que se detecten e propor actuacións para resolver cada situación e evitar que se produza no futuro.

- Propor á Presidencia da FEDC protocolos internos e criterios que se poidan incorporar nas Normas Internas de Funcionamento para evitar problemas de futuro no seu ámbito de competencia.
- Calquera outra relacionada coa igualdade que lle encomende a Presidencia da FEDC.

Artigo 39. Comisión de deporte inclusivo.

Estará formada por:

- Presidencia: corresponde á persoa titular da Presidencia da FEDC ou en quen delegue.
- Secretaría: corresponde á persoa titular da Secretaría Xeral da FEDC.
- 5 vogalías, ocupadas polas seguintes persoas: quen ocupe a Dirección Técnica de Coordinación da FEDC, un/unha Director/a Técnico/a da FEDC, 2 deportistas con licenza da FEDC en vigor que habitualmente participen en actividades de deporte inclusivo, 1 representante da ONCE.

As súas funcións son:

- Facer un seguimento da integración deportiva das modalidades e especialidades que, tendo sido xestionadas pola FEDC, se integren.
- Analizar as actividades celebradas durante a temporada anterior e extraer conclusións.
- Coñecer os datos das próximas actividades programadas e achegar suxestións para mellorar a participación en igualdade de condicións.
- Considerar os problemas que xorden na práctica deportiva inclusiva, a fin de procurar solucións viábeis e posíbeis liñas de colaboración con outras entidades, para melloralas.
- Promover a participación deportiva de deportistas con discapacidade en actividades inclusivas, procurando que o fagan en igualdade efectiva. Para iso, poderá propor medidas a aplicar.
- Xestionar as incidencias producidas no seu seo relativas á discriminación por razón de discapacidade, de orientar a deportistas e persoal da federación na prevención e detección destas situacións.
- Analizar con detalle algunha actividade que destaque polas súas boas condicións de participación para as persoas con discapacidade ou polas excepcionais dificultades, para reflexionar sobre as mellores prácticas e respecto ás principais complicacións.
- Achegar ideas para mellorar as condicións de participación de deportistas con discapacidade visual en actividades de deporte inclusivo.
- Propor á Presidencia da FEDC protocolos de traballo ou criterios a introducir nas Normativas Internas de Funcionamento relacionados co seu ámbito de actuación.

- Elaborar aqueles informes que lle requiran a Presidencia da FEDC ou as administracións públicas.
- Calquera outra que lle encomende a Presidencia da FEDC, relacionada co seu ámbito de actuación.

Artigo 40. Composición paritaria dos Órganos da FEDC.

O nomeamento das persoas que conforman os órganos colexiados recollidos nestes Estatutos axustarase ao criterio de composición equilibrada establecido na disposición adicional primeira da Lei Orgánica 3/2007, de 22 de marzo, agás por razóns fundadas e obxectivas, debidamente motivadas.

CAPÍTULO II Asemblea Xeral

Sección primeira. Composición, mandato e competencias

Artigo 41. Composición

1. A Asemblea Xeral é o órgano de goberno da FEDC.
2. Na Asemblea Xeral estarán representadas as persoas físicas e entidades seguintes:
 - a) Federacións autonómicas,
 - b) Deportistas
 - c) Técnicos/as,
 - d) Xuíces/as – árbitros/as,
 - e) A ONCE, como colectivo interesado
3. O número de asembleístas, así como a súa distribución, efectuarase segundo o indicado no Regulamento electoral, a teor da Orde Ministerial reguladora dos procesos electorais nas federacións deportivas españolas que estea vixente en cada momento.
4. Os membros da Asemblea Xeral serán elixidos segundo o disposto nos presentes Estatutos e o resto de normas de aplicación reguladoras dos procesos electorais nas federacións deportivas españolas.
5. Será membro da Asemblea Xeral a persoa que cada federación autonómica designe como o seu representante.
6. Serán membros da Asemblea Xeral as persoas designadas pola ONCE como os seus representantes.
7. Ningunha persoa poderá ostentar dobre condición representando a máis dun estamento na asemblea.

Artigo 42. Elección e mandato.

1. O mandato dos membros da Asemblea Xeral será de catro anos. A súa elección levarase a cabo no ano no que se celebren os Xogos Paralímpicos de inverno na forma seguinte:

- a) As persoas representantes da ONCE serán designadas polo Consello Xeral da Organización entre persoas afiliadas á entidade.
- b) A representación dos/as deportistas será designada mediante sufraxio universal, directo e segredo, por e entre os/as deportistas que teñan licenza en vigor no momento da convocatoria e cumpran os requisitos establecidos na lexislación e no regulamento electoral da FEDC vixentes en cada momento. Para estes efectos, serán electores as persoas maiores de 16 anos en tanto que serán electores e elixíbeis as maiores de 18 anos, en ambos os casos atendendo á data de celebración das votacións.

Neste colectivo inclúense os/as deportistas de apoio.

- c) As persoas representantes de técnicos/as, árbitros/as e xuíces/as serán designados por e entre estes/as, na mesma forma e condicións sinaladas na letra anterior.

2. A circunscrición electoral será estatal, entendendo por esta a que comprende todo o territorio español.

3. Regulamentariamente aprobaranse as normas que regulen as eleccións da FEDC pola Comisión Delegada, con antelación suficiente á súa celebración e respectando a lexislación vixente.

Artigo 43. Causas de baixa como membro da Asemblea Xeral.

Os membros da Asemblea Xeral causarán baixa nos seguintes casos:

- a) Expiración do período de mandato.
- b) Falecemento.
- c) Dimisión.
- d) Incapacidade que impida o desempeño do cargo.
- e) Inhabilitación absoluta ou especial declarada en sentenza xudicial firme ou sanción disciplinaria que comporte inhabilitación a perpetuidade para ocupar cargos na organización deportiva ou privación de licenza federativa.
- f) Incurrir nalguna causa de inelixibilidade das establecidas nos presentes Estatutos.
- g) Deixar de cumprir as condicións de elixibilidade para formar parte da Asemblea Xeral.

A perda da condición de membro da Asemblea comportará automaticamente a baixa en calquera outro órgano da FEDC do que formen parte.

Artigo 44. Competencias.

Corresponden á Asemblea Xeral en reunión plenaria, a proposta da presidencia ou de dous terzos da Comisión Delegada, as seguintes competencia indelegábeis:

- a) A aprobación e liquidación do orzamento anual.
- b) A aprobación do calendario deportivo.

- c) A aprobación das contas anuais do exercicio vencido.
- d) A aprobación e modificación dos Estatutos.
- e) A adopción do acordo de integración dunha modalidade ou especialidade deportiva das que se recollen como propias da Federación nos presentes Estatutos, así como do correspondente convenio de integración a asinar coa federación nacional unideportiva que o asuma.
- f) A elección e cesamento da presidencia.
- g) A elección e, no seu caso, a eventual renovación dos membros da Comisión Delegada, conforme ao previsto nos presentes Estatutos.
- h) Outorgar a súa aprobación a que sexa remunerado o cargo de presidencia da FEDC, así como determinar a contía do que teña de percibir, respectando a legalidade vixente. O acordo deberá ser aprobado por maioría absoluta.
- i) Aprobar coa maioría necesaria, para o efecto e nas condicións previstas nestes Estatutos, o acordo de integración en organismos multifederacionais ou, no seu caso, nunha confederación para a xestión do deporte de persoas con discapacidade, se esta for constituída.
- j) Fixar e modificar a cota correspondente á expedición da licenza deportiva, así como os custos e distribución de servizos comúns fornecidos a federacións autonómicas que estean adscritas á FEDC. O acordo adoptarase por maioría absoluta da asemblea, debendo contar, ademais, co voto favorábel de, polo menos, a maioría absoluta dos representantes das federacións autonómicas integradas na FEDC; estas federacións, á súa vez, deberán representar, no seu conxunto, a maioría absoluta das licenzas totais da FEDC.
- k) Debater e, no seu caso, aprobar a moción de censura da presidencia.
- l) Adoptar o acordo de disolución voluntaria da federación ou coñecer da disolución non voluntaria e articular o procedemento de liquidación.
- m) Aprobar, coa autorización preceptiva do Consello Superior de Deportes, operacións económicas que impliquen o gravame ou alleamento dos seus bens inmóbeis por un importe igual ou superior á contía ou porcentaxe do orzamento previsto na normativa vixente en cada momento.
- n) Aprobar, previo sometemento do asunto ao Consello Superior de Deportes para a súa autorización, operacións económicas que impliquen comprometer gastos de carácter Plurianual, no seu período de mandato, cando o gasto anual comprometido supere o 10 por 100 do seu orzamento e se rebase o período de mandato da presidencia.
- o) Resolver sobre aquelas outras cuestións que foran sometidas á súa consideración na convocatoria e estean comprendidas na orde do día.
- p) Designar aos membros dos órganos disciplinarios.
- q) Aprobar o informe anual de bo goberno.
- r) Calquera outra que se lle atribúa nos presentes Estatutos ou se lle outorguen regulamentariamente e todas aquelas que non estean especificamente atribuídos a outro órgano.

Sección segunda. Funcionamento, convocatoria e adopción de acordos

Artigo 45. Carácter das reunións.

A Asemblea Xeral da Federación reunirase de acordo coa regulación contida nos presentes Estatutos, en sesión ordinaria ou extraordinaria.

Artigo 46. Asemblea Xeral ordinaria.

A Asemblea Xeral reunirase dúas veces por ano en sesión ordinaria.

A primeira delas celebrárase antes do transcurso dos seis meses seguintes ao peche do exercicio, para tratar, polo menos, a aprobación das contas anuais e a súa liquidación.

E a segunda, nos 3 últimos meses do exercicio económico, polo menos para aprobar o orzamento e o calendario deportivo do exercicio seguinte.

Artigo 47. Elaboración e remisión de convocatoria de asemblea ordinaria.

1. A asemblea ordinaria será convocada pola presidencia.

2. Baixo a supervisión da presidencia, a secretaría xeral elaborará a convocatoria, que deberá ser notificada aos seus membros cun mínimo de 6 días hábiles de antelación e irá acompañada da correspondente orde do día e, cando así proceda, da documentación relativa aos asuntos a debater na mesma. Porén, se a documentación complementaria fose excesivamente voluminosa a criterio da secretaría xeral, comunicárase aos membros, que fica posta de manifesto na secretaría da Federación, onde poderán solicitar por escrito copia de aquela que estimen necesaria. Neste caso, a secretaría xeral debe incorporar unha relación exhaustiva dos documentos.

3. Para a remisión da convocatoria, con carácter preferente, utilizarase o correo electrónico ou calquera outro medio telemático autorizado pola lexislación. Os membros que non desexen recibir a documentación e a convocatoria antes indicadas polo procedemento electrónico deberán comunicalo por escrito á secretaría xeral ao ser remitida a convocatoria e no seu caso a documentación, activarase o atributo de acuse de recibo. O sistema de notificacións mediante o uso de procedementos electrónicos garantirá a seguridade, integridade, confidencialidade e autenticidade da información.

4. En caso de poder convocar a un membro por vía telemática ou se o solicitou expresamente polo procedemento descrito no punto anterior, seralle remitida individualmente a convocatoria e documentación por correo ordinario, fax, ou por calquera outro medio que se estime oportuno, a criterio da secretaría xeral.

5. A convocatoria realizada en calquera das formas sinaladas nos parágrafos anteriores, presumirase, agás proba en contrario que deberá fornecer a persoa interesada, que se executou correctamente para todos os efectos.

6. Co obxecto de sistematizar o traballo, se os membros da asemblea tivesen que achegar suxestións ou documentación para a discusión dos temas incluídos na orde do día, faranas chegar á secretaría xeral por escrito cunha antelación mínima de 3 días hábiles a aquel no que se vaia a celebrar a sesión.

Artigo 48. Designación e funcións da presidencia da asemblea.

1. A presidencia da asemblea será elixida por e entre os membros desta. Son as súas competencias no desenvolvemento das reunións:

- a) Ostentar a representación da asemblea.
- b) Acordar a convocatoria das sesións ordinarias e extraordinarias e a fixación da orde do día.
- c) Presidir as sesións, moderar o desenvolvemento dos debates, podendo suspendelos por causas xustificadas.
- d) Dirimir co seu voto os empates, para efectos de adoptar acordos.
- e) Visar as actas e certificacións dos acordos do órgano.
- f) Velar polo cumprimento e execución dos acordos adoptados en cada sesión.
- g) Designar unha vicepresidencia e unha secretaría xeral.
- h) Exercer cantas outras funcións sexan inherentes á súa condición de presidencia.

2. A presidencia designará unha vicepresidencia que, en todo caso, deberá pertencer á asemblea, e substituírá, caso de ausencia ou por delegación desta, á presidencia, cumprindo as súas mesmas funcións.

3. Así mesmo, a asemblea deberá acudir á secretaría xeral da Federación, a cal actuará como fedataria. Caso de ausencia ou doenza, a presidencia poderá designar, á súa libre elección, unha persoa que o/a substitúa nas súas funcións.

4. Formarán parte da asemblea e poderán concorrer ás reunións da mesma, os membros electos desta, a quen lle están asignados os dereitos recollidos nos presentes Estatutos e na lexislación vixente.

Artigo 49. Funcionamento e adopción de acordos.

1. A participación nas sesións ordinarias e extraordinarias da Asemblea Xeral poderán ser presenciais ou facendo uso de medios telemáticos, cando así conste na súa convocatoria e fiquen garantido o pleno e eficaz exercicio dos dereitos que lle son propios aos membros que os empreguen. En caso de empregar medios telemáticos, a acta debe reflectir quen participa na sesión de maneira presencial e aqueles que o fan a distancia.

2. Os membros que usen medios telemáticos serán computados a todos os efectos, á hora de estimar o quórum para a asistencia.

3. Os votos emitidos por medios telemáticos terán a mesma validez que os votos presenciais.

4. Para que se poida iniciar e ser válida unha reunión da Asemblea Xeral da FEDC, requirirase que concorran en primeira convocatoria a metade máis un dos membros e en segunda, polo menos, un terzo dos seus compoñentes.

5. En todo caso, deberá asistir ás reunións a presidencia da Federación ou persoa en quen delegue.

6. As sesións serán dirixidas e coordinadas pola presidencia.

7. En casos de vacancia, ausencia, doenza ou outra causa legal, a presidencia será substituída pola vicepresidencia ou pola persoa en que se delegue a presidencia desa sesión.

8. Non poderá ser obxecto de deliberación ou acordo ningún asunto que non figure incluído na orde do día, agás que estean presentes todos os membros do órgano colexiado e sexa declarada a urxencia do asunto polo voto favorábel da maioría.

9. O voto dos membros da Asemblea Xeral é persoal e indelegábel.

10. Os acordos serán adoptados por maioría simple de persoas presentes, agás aqueles supostos nos que se elixa na lexislación aplicábel ou nos estatutos unha maioría diferente.

11. No caso de empate, o voto da presidencia terá natureza dirimente.

12. De cada sesión que celebre a asemblea levantarase acta pola secretaría xeral, que especificará necesariamente as persoas asistentes, a orde do día da reunión, as circunstancias de lugar e de tempo nas que se celebrou, os puntos principais das deliberacións e o contido dos acordos adoptados.

13. En caso de solicitalo por parte da persoa que o formula, na acta figurará o voto contrario ao acordo adoptado ou a súa abstención e os motivos que a xustifiquen. Así mesmo, calquera membro ten dereito a solicitar a transcripción íntegra da súa intervención ou proposta, sempre que achegue no acto ou no prazo de dous días hábiles o texto que se corresponda fielmente coa súa intervención, facéndose así constar na acta ou uníndose copia á mesma.

14. Os membros que discrepen do acordo maioritario poderán formular voto particular por escrito no prazo de dous días hábiles, que se incorporará ao texto aprobado.

15. A acta da reunión poderá ser aprobada após finalizar a sesión, sen prexuízo da súa posterior remisión aos membros da mesma. En caso de non se aprobar a acta ao termo da reunión, será remitida a todos os membros da Asemblea Xeral nun prazo máximo de sesenta días naturais e considerarase aprobada se, transcorridos trinta días naturais desde a súa remisión non se formulara observación algunha sobre o seu contido; en caso de se recibir algunha observación, a acta deberá aprobarse na seguinte reunión da asemblea.

16. O anterior enténdese sen prexuízo do dereito dos membros da Asemblea Xeral e/ou demais persoas físicas ou xurídicas afiliadas á FEDC a impugnar os acordos adoptados segundo os trámites previstos na lexislación vixente. A impugnación dos acordos adoptados non suspenderá a eficacia dos mesmos.

17. A secretaría xeral poderá emitir certificación sobre os acordos específicos que se adoptaran antes da aprobación da acta, sen prexuízo da súa ulterior aprobación. Nas certificacións de acordos adoptados emitidas con anterioridade á aprobación da acta farase constar expresamente tal circunstancia.

18. As actas archivaranse en soporte electrónico.

19. Os acordos adoptados en calquera reunión ou sesión da asemblea serán inmediatamente executivos.

20. A asemblea poderá adoptar un Regulamento de Funcionamento Interno que complemente estas normas.

21. No non previsto nos preceptos destes Estatutos devirá aplicábel o establecido para os órganos colexiados na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, ou lexislación que a substitúa e demais normativa de desenvolvemento da mesma.

Artigo 50. Asemblea extraordinaria.

1. A Asemblea poderá reunirse cantas veces sexa necesario de maneira extraordinaria. As reunións extraordinarias poderán ser convocadas a iniciativa da presidencia, por maioría da Comisión Delegada ou por un número de membros da asemblea non inferior ao 20 por 100.

2. Entre a convocatoria e a sesión extraordinaria da Asemblea Xeral deberá transcorrer un prazo superior a 48 horas.

3. No referente ao funcionamento, forma da convocatoria e adopción de acordos, con exclusión do prazo, son de aplicación os preceptos reguladores da Asemblea ordinaria.

CAPÍTULO III Comisión Delegada

Artigo 51. Natureza e composición.

1. No seo da Asemblea Xeral constituirase unha Comisión Delegada de asistencia á mesma.

2. A Comisión estará presidida pola persoa que ostente a presidencia da Asemblea Xeral, que exercerá as facultades previstas nestes Estatutos.

3. O regulamento electoral determinará o número de membros da Comisión Delegada e a distribución deles entre os diferentes estamentos.

4. Os membros da Comisión Delegada elixiranse cada catro anos mediante sufraxio libre, directo, igual e segredo, por cada un dos estamentos e colectivos interesados da asemblea e entre os seus membros.

5. As vacantes que se puidesen producir serán cubertas anualmente polos diversos estamentos representados seguindo o mesmo procedemento establecido para a súa elección.

6. O mandato da Comisión Delegada coincidirá co da Asemblea Xeral.

Artigo 52. Funcionamento.

1. A Comisión Delegada reunirse, como mínimo, unha vez cada catro meses a proposta da presidencia.

2. Corresponderá á presidencia da Federación ou a dous terzos dos membros da Comisión Delegada, a proposta de puntos da orde do día que se aborden en cada unha das sesións.

3. As convocatorias da Comisión Delegada serán remitidas aos seus membros xunto coa documentación, como mínimo, con dous días hábiles de antelación a aquel no que se

vaia a celebrar a sesión, podendo remitirse, por correo electrónico ou calquera outro soporte telemático.

4. A participación nas sesións da Comisión Delegada poderá ser presencial ou facendo uso de medios telemáticos, cando así conste na súa convocatoria e fiquen garantido o pleno e eficaz exercicio dos dereitos que lle son propios aos membros que os empreguen. No caso de usar medios telemáticos, a acta debe reflectir quen participa de maneira presencial e aqueles que os empregan. Os votos emitidos por medios telemáticos terán a mesma validez que os votos presenciais. Para efectos do quórum, computaranse tanto quen asistira á sesión de maneira presencial como aqueles que o fagan a distancia.

5. No caso de producirse empate na votación para a adopción de calquera acordo entre os membros da Comisión Delegada, a presidencia terá voto de calidade ou dirimente.

6. No non regulado nos puntos anteriores será de aplicación supletoria e complementaria, no posíbel, o recollido na regulación da Asemblea Xeral nos presentes Estatutos e, no seu defecto, o establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, ou lexislación que a substitúa.

7. Son deberes dos membros da Comisión Delegada, os seguintes:

- a) Oporse aos acordos contrarios ao ordenamento xurídico, aos Estatutos ou ao interese da FEDC.
- b) Manter en segredo cantos datos ou informacións coñezan no desempeño dos seus cargos, non podendo usalos en beneficio propio ou de terceiro.
- c) Absterse de intervir en deliberacións e votacións de calquera cuestión na que puidesen ter interese particular.
- d) Non facer uso indebido do patrimonio da federación, nin valerse da súa posición para obter vantaxes patrimoniais.
- e) Non obter vantaxe respecto das oportunidades de negocio que coñezan na súa condición de membros da Comisión Delegadas ou órganos equivalentes nin admitir comisións.
- f) Subministrar información relativa ás relacións de índole contractual, comercial ou familiar que manteñan con provedores ou entidades que teñan vínculos comerciais ou profesionais coa federación.

Artigo 53. Competencias.

Corresponde á Comisión Delegada da asemblea:

- a) A elaboración dun informe previo á aprobación dos orzamentos.
- b) A modificación dos orzamentos dentro dos límites marcados pola Asemblea Xeral.
- c) O seguimento da xestión mediante a elaboración dun informe anual á Asemblea Xeral, sobre a memoria de actividades e de liquidación de orzamento.
- d) A autorización do gravame ou alleamento dos bens inmóbeis da FEDC, de conformidade co previsto na lexislación vixente e nos presentes Estatutos.

- e) A aceptación de doazóns e herdanzas, sempre que esta última se faga a beneficio de inventario. As doazóns aceptaranse, sempre que non sexan gravosas para a FEDC.
- f) A modificación do calendario deportivo.
- g) Establecer, mediante normativa, as condicións e requisitos da licenza federativa.
- h) A aprobación e modificación substancial dos Regulamentos, tanto técnicos como de competición. Non será considerada para estes efectos como modificación substancial, nin a corrección de erros, nin a aclaración ou ampliación de conceptos ou de requisitos que por erro puidesen ter sido omitidos. En tales casos, as modificacións poderán ser efectuadas pola Secretaría xeral coa conformidade da presidencia.
- i) O acordo de integración ou denegación dunha federación autonómica na FEDC.
- j) A convocatoria de Asemblea Xeral, sempre que for aprobada pola maioría dos membros da Comisión.
- k) O acordo para o traslado da sede social a localidade distinta da do domicilio actual, seguindo o procedemento establecido no artigo 10 dos presentes Estatutos.
- l) As función que lle encomende a Asemblea Xeral, agás aquelas que a asemblea deba tratar e aprobar en sesión plenaria.

CAPÍTULO IV

Da presidencia

Artigo 54. Elección.

1. A presidencia será elixida pola Asemblea Xeral en reunión plenaria, sendo necesaria a presenza, no momento de se iniciar a votación, do número de membros da Asemblea Xeral que se determine no regulamento electoral.
2. As persoas que presenten candidatura, que poderán non ser membros da Asemblea Xeral, deberán contar con avais segundo a porcentaxe ou número de membros da Asemblea Xeral que se determine no regulamento electoral.
3. A elección producirase polo sistema de votación e réxime de maioría de votos que se determine no regulamento electoral.
4. O número de mandatos a que se poida presentar unha persoa para optar á reelección para ocupar a presidencia será indefinido.
5. A presidencia cesará nas súas funcións nos seguintes casos:
 - a) Polo cumprimento do prazo para o que foi elixida.
 - b) Por falecemento.
 - c) Por dimisión.
 - d) Por incapacidade permanente que lle impida o desenvolvemento do seu traballo.
 - e) Por aprobación da moción de censura nos termos que se regulan nos presentes Estatutos.

- f) Por inhabilitación absoluta ou especial declarada en sentenza xudicial firme ou sanción disciplinaria que comporte inhabilitación a perpetuidade para ocupar cargos na organización deportiva.
- g) Por incorrer en causa de inelixibilidade ou incompatibilidade establecidas nos presentes Estatutos ou na lexislación vixente.

6. Producido o cesamento da presidencia, a Xunta Directiva transformarase en Comisión Xestora, a cal convocará á Asemblea Xeral en prazo non superior a un mes para o desenvolvemento do proceso de elección correspondente nos termos e condicións previstos na regulamentación electoral.

Artigo 55. Revogación.

1. A Asemblea Xeral poderá revogar o nomeamento da presidencia da Federación mediante a presentación e aprobación dunha moción de censura.

2. A moción de censura á presidencia da FEDC poderá formularse nos termos previstos na regulación dos procesos electorais da devandita entidade e nas disposicións normativas que foren de aplicación nesta materia ás federacións deportivas españolas.

Artigo 56. Competencias

1. A presidencia da FEDC é o órgano de representación e executivo da mesma. Ostenta a súa representación legal, convoca e preside os órganos de goberno e representación, executando os acordos dos mesmos, e ostenta a dirección superior da administración federativa. Correspóndenlle, en xeral, e ademais das que se determinan nos presentes Estatutos e nos Regulamentos, as funcións non encomendadas especificamente á Asemblea Xeral ou á súa Comisión Delegada.

2. Especialmente, e só a título de exemplo, sen que iso implique unha enumeración exhaustiva, a presidencia poderá:

- a) Representar á FEDC e xestionar perante institucións e entidades públicas e privadas de calquera natureza, toda clase de expedientes administrativos ou da clase que sexan que afecten á entidade, así como comparecer e representar á mesma en xuízo e fóra del.
- b) Outorgar e revogar, no seu caso, os poderes de representación e administración que foren precisos. Outorgar apoderamento notarial para as xestións da Federación, tanto xeral como especial, incluíndo a representación perante órganos xurisdiccionais.
- c) Outorgar, formalizar, recoñecer, modificar, aceptar, impugnar, resolver, rescindir e denunciar toda clase de contratos de adquisición de bens e de prestación de servizos en nome da FEDC, agás os relativos á adquisición e gravame de bens inmóbeis.
- d) Operar con bancos e calquera entidade financeira e neles, abrir, seguir e cancelar contas e cadernos de aforro, contas de crédito e contas correntes, asinando e subscribindo cheques, dispendo e realizando pagamentos por calquera medio legalmente admitido.

- e) Tomar diñeiro a préstamo con garantía de valores e garantía persoal, outorgar pólizas de contragarantía a favor de entidades financeiras, subscribir e concertar pólizas de crédito, facer e cancelar imposicións a prazo fixo e calquera outro tipo de investimento financeiro.
- f) Executar avais a favor da FEDC perante calquera entidade.
- g) Celebrar e rescindir, no seu caso, contratos de traballo co persoal administrativo e técnico que precise, exercitando e cumprindo cantos dereitos e obrigas dimanen dos referidos contratos, na súa calidade de órgano superior da administración federativa. Estudo de cadros de persoal e axuste dos mesmos ás necesidades reais.
- h) Solicitude e cobramento de subvencións e calquera outros beneficios en nome da FEDC.
- i) Execución dos acordos dos órganos colexiados da FEDC, así como o seu seguimento.
- j) Execución dos orzamentos da Federación, de acordo co aprobado pola asemblea.
- k) Presentación de modificacións orzamentarias á Comisión Delegada.
- l) Proposta de acordo para o cambio da sede social da Federación.
- m) Creación, ordenación, modificación e supresión dos órganos complementarios establecidos nas normas, para o máis axeitado funcionamento interno da FEDC, así como a designación das persoas que ocupen as distintas responsabilidades nos devanditos órganos.
- n) Supervisar, controlar e ordenar a xestión diaria da Federación, promulgando as oportunas instrucións e normativa interna.
- o) Elevar ao Consello Superior de Deportes proposta razoada, cando considere que concorren méritos bastantes nun deportista, para ingresar na Real Orde do Mérito Deportivo, ser designado como Deportista de Alto Nivel ou Alto Rendemento, ou calquera outra mención laudatoria.
- p) Presidir a Comisión Xestora encargada da organización de eleccións na FEDC.
- q) Organizar, estruturar, ordenar e contratar a formación do persoal da FEDC, así como dos adestradores.
- r) Calquera outra que puidese requirir a xestión federativa.

As funcións consideradas nos apartados d) e e) precedentes exercitaranse de conformidade cos requisitos de formalización previstos nos presentes Estatutos e a normativa interna da FEDC.

3. Funcións representativas:

- a) Ostenta e preside os órganos de Goberno e representación legal da FEDC.
- b) Convoca e preside os órganos de Goberno e representación, así como os complementarios destes.

- c) A presidencia da FEDC éo tamén da Asemblea Xeral con carácter nato e da Comisión Delegada, con voto de calidade no caso de empate na adopción de acordos.
- d) Ten capacidade de facer cantas xestións e presentar cantos documentos sexan necesarios perante as administracións públicas estatal, autonómica e local.
- e) Subscribir, en nome da FEDC, acordos para a captación, promoción e celebración de competicións con persoas físicas e xurídicas.
- f) Establecer acordos con outras federacións de persoas con discapacidade ou unideportivas, dando conta posteriormente dos mesmos á Asemblea Xeral ou á Comisión Delegada, de acordo co previsto nos Estatutos.
- g) Subscribir acordos de patrocinio con persoas físicas e xurídicas destinados á captación e promoción do deporte para persoas con discapacidade visual.
- h) Impulsar a creación de federacións autonómicas e/ou clubs deportivos.
- i) Calquera outra que requira a realización de actos en representación da FEDC.

Artigo 57. Gratuidade do cargo.

1. O cargo da presidencia da Federación será gratuíto e non devindicará contraprestación algunha.

2. Non obstante o anterior, o cargo poderá ser remunerado se así o acordar, xunto coa contía, a metade máis un dos membros presentes na Asemblea Xeral. En todo caso, a relación do Presidente coa FEDC non terá carácter laboral, senón que deriva do seu cargo orgánico ou estatutario. A remuneración bruta, incluídos os gastos sociais legalmente establecidos, non poderá ser satisfeita a partir das subvencións públicas que reciba a Federación.

3. De se aprobar, a remuneración da presidencia concluirá co fin do seu mandato, non podendo estenderse tal remuneración alén da duración do mesmo.

Artigo 58. Incompatibilidades.

O cargo de presidencia está sometido ás incompatibilidades que se fixan na lexislación vixente en cada momento e, en particular, cando se acorde a remuneración do cargo.

A Asemblea Xeral poderá fixar incompatibilidades adicionais.

CAPÍTULO V Dos órganos de gobierno complementarios

Sección primeira. Xunta Directiva

Artigo 59. Natureza e constitución.

1. A Xunta Directiva é o órgano complementario de goberno, de carácter colexiado, de xestión da Federación.
2. Estará composta polo número de membros que determine a presidencia, todos eles designados por ela, a quen tamén corresponde a súa remoción. Tras a súa designación ou cesamento pola presidencia, darase conta á Asemblea Xeral. En todo caso, formarán parte da Xunta Directiva a presidencia da Federación, a vicepresidencia e a secretaría xeral.
3. Os membros da Xunta poderán ser, ao mesmo tempo, membros da Asemblea Xeral. Aqueles que non o fosen, poderán acudir á asemblea con dereito a voz, pero sen voto.
4. Na Xunta haberá en todo caso unha Vicepresidencia, que será sempre membro da Asemblea Xeral.
5. Os membros da Xunta Directiva non terán remuneración.

Artigo 60. Funcionamento e competencias.

1. Como órgano colexiado, a Xunta Directiva rexerase no seu funcionamento, en todo aquilo que lle sexa de aplicación, polas normas establecidas para a Asemblea Xeral, coas excepcións recollidas neste precepto.
2. As convocatorias serán sempre remitidas por correo electrónico pola Secretaría xeral, a cal, baixo a dirección da presidencia, elaborará a Orde do Día.
3. A convocatoria das súas sesións realizarase sempre con, polo menos, 48 horas de antelación.
4. A asistencia poderá ser presencial ou por medios telemáticos que permitan o coñecemento ininterrompido da sesión, así como a comunicación fluída entre todos os interlocutores.
5. Os acordos adoptaranse por maioría, dirimindo os eventuais empates o voto de calidade da presidencia.
6. En canto ás súas funcións, son:
 - a) Formular as contas anuais do exercicio vencido.
 - b) Someter á Asemblea para a súa aprobación as contas anuais.
 - c) Acordar o cambio de domicilio da FEDC dentro da localidade na que se atope a súa sede.
 - d) Coñecer e ser informada de cantas medidas afecten á xestión diaria da FEDC.
 - e) Aprobar, a proposta da presidencia, as subvencións a federacións autonómicas e clubs deportivos.
 - f) A elaboración do proxecto de orzamento anual da FEDC.

- g) A autorización expresa para que a presidencia da FEDC proceda á apertura e cancelación de contas correntes e de aforro e contratación de servizos bancarios.
- h) Conceder honores e recompensas.
- i) As que se prevexan nestes Estatutos e no Regulamento de Funcionamento Interno e normativa da FEDC.

7. Os membros da Xunta Directiva son responsábeis do cumprimento dos actos, resolucións ou acordos adoptados perante a Asemblea Xeral.

A presidencia e os demais membros da Xunta Directiva absteranse de toda actividade privada ou interese que poda supor un risco de presentar conflitos de intereses co seu posto na FEDC. Enténdese que existe conflito de intereses cando interveñan nas decisións relacionadas con asuntos nos que conflúan á vez intereses do seu posto e intereses privados propios, de familiares directos, ou intereses compartidos con terceiras persoas.

Non aceptarán ningún trato de favor ou situación que implique privilexio ou vantaxe inxustificada, por parte de persoas físicas ou entidades privadas. Actuarán de acordo cos principios de eficacia, economía e eficiencia, e vixiarán sempre a consecución do interese xeral e o cumprimento dos obxectivos da FEDC.

Exercerán as súas competencias segundo os principios de boa fe e dedicación ao servizo da FEDC e absteranse non só de condutas contrarias a aqueles, senón tamén de calquera outra que comprometa a efectividade no exercicio das funcións que teñan encomendadas.

Serán responsábeis perante esta dos danos e prexuízos que causen por actos contrarios á lei, os Estatutos, o Regulamento Interno ou polos realizados sen a dilixencia coa que deben desempeñar o cargo.

Ficará exento de responsabilidade quen se opuxese expresamente ao acordo determinante da mesma e quen probe que, non tendo intervido na súa adopción e execución, descoñecía a súa existencia ou, coñecéndoa, fixo todo o conveniente para evitar o dano ou, polo menos, opúxose expresamente a aquel.

8. Son deberes dos membros da Xunta Directiva os seguintes:

- a) Oporse aos acordos contrarios ao ordenamento xurídico, aos Estatutos ou ao interese da FEDC.
- b) Manter en segredo cantos datos ou informacións coñezan no desempeño dos seus cargos, non podendo usalos en beneficio propio ou de terceiro.
- c) Absterse de intervir en deliberacións e votacións de calquera cuestión na que puidesen ter interese particular.
- d) Non facer uso indebido do patrimonio da federación, nin valerse da súa posición para obter vantaxes patrimoniais.
- e) Non obter vantaxe respecto das oportunidades de negocio que coñezan na súa condición de membros da Xunta Directiva ou órganos equivalentes, nin admitir comisións.
- f) Subministrar información relativa ás relacións de índole contractual, comercial ou familiar que manteñan con provedores ou entidades que teñan vínculos comerciais ou profesionais coa federación.

Sección segunda. Vicepresidencia

Artigo 61. Designación e funcións.

1. A presidencia designará, entre os membros da asemblea, unha Vicepresidencia que a substituirá no exercicio das súas funcións en casos de dimisión, doenza, ausencia ou imposibilidade.

2. A presidencia poderá delegar na Vicepresidencia o exercicio dalgunhas das súas funcións, comunicando esta delegación á Comisión Delegada da Asemblea.

Sección terceira. Secretaría xeral

Artigo 62. Designación.

1. A presidencia designará libremente o cargo de secretaría xeral da Federación, poden acordar así mesmo o seu cesamento ou substitución en calquera momento.

2. O cargo de Secretaría xeral será remunerado, correspondendo á presidencia fixar a súa contía.

Artigo 63. Funcións.

1. A Secretaría xeral/Xerente constitúese como órgano dependente da presidencia

Ten ao seu cargo a organización administrativa, coordinación, administración e control da xestión diaria da FEDC, debendo render contas á presidencia da Federación no relativo a todas as súas actividades.

2. Son as súas funcións:

- a) Levar a contabilidade da FEDC.
- b) Coordinar a elaboración dos anteproxectos de orzamentos.
- c) Exercer a inspección económica de todos os órganos da FEDC.
- d) Propor á presidencia a estrutura administrativa da Federación, así como as súas modificacións, co obxecto de atinxir un eficaz e eficiente funcionamento.
- e) Coordinar e propor á presidencia todo o relacionado con altas e baixas no persoal da FEDC, así como a tipoloxía de contratación que se poida utilizar en cada caso, co obxecto de optimizar os recursos humanos.
- f) Impulsar, coordinar e coadxuvar na constitución das federacións autonómicas e delegacións territoriais.
- g) Elaborar os proxectos de normativa interna.
- h) Propor á presidencia, e divulgaras unha vez aprobadas por esta, as correccións, aclaracións e ampliacións aos regulamentos da FEDC.
- i) Velar polo cumprimento de todas as normas xurídico-deportivas.
- j) Informar á Asemblea Xeral, á súa Comisión Delegada, á presidencia e á Xunta Directiva, sobre cuestións que lle sexan sometidas ou que considere relevantes para a boa orde económica.

- k) Resolver os asuntos de trámite que lle sexan propostos.
- l) Velar polo exacto cumprimento dos acordos dos órganos federativos.
- m) Exercer o control das subvencións que se asignen a federacións autonómicas e clubs.
- n) Exercer as funcións de fedatario e asesor, e máis especificamente:
- o) Levantar actas das sesións dos órganos colexiados da Federación, de acordo coa normativa vixente e cos presentes Estatutos.
- p) Expedir as certificacións oportunas dos actos dos órganos de goberno e representación.
- q) Recibir, asinar e expedir a correspondencia oficial da Federación, agás a que se reserve para si a presidencia, levando un rexistro de entrada e saída da mesma. A levanza do devandito rexistro e a correspondencia poderán ser realizadas en soporte electrónico, na forma que se determine pola normativa interna.
- r) Arquivar, ordenar e custodiar a documentación da FEDC en calquera dos soportes nos que se presente esta, de acordo coa normativa interna que se acorde.
- s) Cantas funcións lle encomenden as normas regulamentarias da Federación ou lle delegue a presidencia.

Sección cuarta. Dirección técnica de coordinación

Artigo 64. Designación e funcións.

1. A presidencia poderá nomear a un/ha director/a de coordinación, como órgano de apoio e responsábel da área técnica, que coordinará e colaborará na xestión diaria, baixo as instrucións da presidencia e da Secretaría xeral da Federación.

2. A remuneración deste cargo será decidida pola presidencia

3. Son as súas funcións:

- a) Colaborar coa presidencia e a Secretaría xeral na xestión da Federación velando polo cumprimento das finalidades e funcións da mesma.
- b) Coordinar a acción dos/as técnicos/as responsábeis de cada modalidade deportiva.
- c) Elaborar o anteproxecto de normas polas que se rexerán as distintas competicións organizadas pola Federación
- d) Coadxugar na redacción dos proxectos de regulamentos e normativa.
- e) Preparar a documentación en materia deportiva que sirva de base á Asemblea Xeral e á Comisión Delegada para o cumprimento das súas funcións.
- f) Cooperar coa Secretaría xeral da FEDC na elaboración dos anteproxectos de orzamentos.
- g) Controlar o desenvolvemento das competicións oficiais.
- h) Exercer o control da inscrición de clubs, xogadores/as, adestradores/as e técnicos/as nos rexistros federativos correspondentes.

- i) Propor novos métodos de traballo.
- j) Propor actividades complementarias ás deportivas.
- k) Propor accións formativas destinadas ao persoal da Federación.
- l) Substitución da secretaría xeral da Federación, no caso de ausencia desta.
- m) Calquera outra que, no ámbito das funcións que lle son propias, lle poidan ser atribuídas polas disposicións de aplicación ou delegadas pola presidencia ou pola Asemblea Xeral.

CAPÍTULO VI **Órganos técnicos**

Sección primeira. Regras comúns

Artigo 65. Natureza.

Como órganos de apoio na área técnica, créanse na FEDC os denominados Comités Técnicos ou Comisiones.

A natureza destes órganos pode ser ben legal ou ben discrecional.

A presidencia da Federación poderá crear cantos Comités considere necesarios para o bo funcionamento da FEDC alén dos que se establecen nos presentes Estatutos e designará, en todo caso, a presidencia de cada Comité ou Comisión e aos seus membros.

Artigo 66. Funcionamento.

1. Os Comités técnicos ou comisións funcionarán, baixo a supervisión da presidencia e con apoio da secretaría xeral da Federación, como órganos colexiados de coordinación técnico-deportiva.

2. No que respecta a convocatorias, estas efectuaranse mediante correo electrónico cunha antelación mínima de 48 horas á data na que se leve a cabo a súa sesión.

CAPÍTULO VII **Gobernanza, bo goberno e transparencia**

Artigo 67 Gobernanza, bo goberno e transparencia

1. A FEDC aplicará a regulación relacionada cos aspectos de gobernanza, bo goberno e transparencia recollidos na Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.

2. No Regulamento Interno da FEDC regularanse os procedementos a seguir para a xestión dos posíbeis conflitos de intereses, abranguendo a información que os membros dos diferentes órganos deben achegar, o procedemento a seguir en caso de detectarse algún conflito de intereses e as consecuencias que implicará o incumprimento dos preceptos dese Regulamento Interno en materia de conflito de intereses.

TÍTULO IV - RÉXIME DISCIPLINARIO

CAPÍTULO I Normas xerais

Sección primeira. Principios e procedementos

Artigo 68. Potestade disciplinaria.

A potestade disciplinaria atribúe aos órganos da FEDC as facultades de investigar e, no seu caso, sancionar ou corrixir ás persoas físicas e xurídicas sometidas á disciplina deportiva da Federación, segundo as súas competencias.

Artigo 69. Ámbito de aplicación.

1. O ámbito da disciplina deportiva esténdese á infracción ou inobservancia das regras do xogo ou competición e das normas xerais deportivas tipificadas na Lei do Deporte, lexislación complementaria e disposicións de desenvolvemento, así como ás regras contidas nos Estatutos da FEDC e preceptos do código de disciplina deportiva e normativa interna vixente da Federación.

2. Para estes efectos, son infraccións das regras do xogo ou competición as accións ou omisións que, durante o curso do xogo ou competición, vulneren, impidan ou perturben o seu normal desenvolvemento.

3. Son infraccións ás normas xerais deportivas as demais accións ou omisións que sexan contrarias ao disposto por estas normas.

4. O réxime disciplinario contido no presente título, e nas normas de desenvolvemento do mesmo, aplicarase en todas as competicións e actividades organizadas pola FEDC.

5. Estarán suxeitas a estas normas as persoas que formen parte da propia estrutura orgánica da Federación, deportistas e deportistas de apoio, técnicos/as, xuíces/as e árbitros/as, persoal directivo e de xestión e, en xeral, todas aquelas persoas e entidades que, estando federadas, desenvolven a actividade deportiva correspondente no ámbito estatal.

Artigo 70. Principios.

1. Só poderán ser sancionadas aquelas condutas que estean contempladas pola lexislación vixente, os Estatutos ou a súa normativa de desenvolvemento, como infracción das regras de xogo ou das normas xerais.

2. Un mesmo feito non pode ser obxecto de mais dun expediente disciplinario nin implicar máis dunha sanción. Non se considerará dobre sanción a imposición dunha sanción accesoria á principal.

3. Previa a imposición dunha sanción, deberá darse ao infractor a posibilidade real de ser ouvido.

4. Se se constatar que unha infracción pode ser constitutiva de delito, paralizarase o procedemento iniciado e comunicaráselle o feito á autoridade xudicial.

5. Non se poderá corrixir ningunha conduta infractora nin impoñerse sanción algunha, sen que previamente se teña dado lugar a un expediente disciplinario, respectándose durante a súa tramitación todas as normas establecidas para o efecto.

6. Toda infracción deberá estar previamente tipificada nunha norma e levar consigo así mesmo unha sanción.

7. Na adopción dunha sanción deberase gardar o principio de proporcionalidade.

8. Se a consecuencia da publicación dunha nova normativa a sanción a aplicar a unha infracción se vise reducida, aplicaráselle ao infractor a norma máis favorábel aos seus intereses.

Artigo 71. Circunstancias modificativas e extintivas da responsabilidade. Prescripción.

1. O Código de disciplina deportiva contemplará as circunstancias modificativas da responsabilidade, tanto atenuantes como agravantes, establecéndose entre estas últimas a reincidencia.

2. Así mesmo, no desenvolvemento regulamentario estableceranse regras relativas á extinción da responsabilidade e á prescripción de infraccións e sancións.

Artigo 72. Procedementos.

A imposición de sanción a consecuencia de cometer unha infracción deberá acomodarse, en función da natureza da conduta infractora, a un dos seguintes procedementos:

- a) Ordinario. A imposición de sancións ás infraccións das regras de xogo ou competición seguirá o procedemento ordinario.
- b) Extraordinario. A imposición de sancións ás infraccións das normas xerais deportivas seguirá o procedemento extraordinario.

Artigo 73. Acumulación de expedientes.

Poderán acumularse diversos expedientes ordinarios ou extraordinarios nun só, cando haxa identidade de suxeitos e feitos.

Artigo 74. Medidas cautelares.

En todo procedemento, o Comité de Competición e Disciplina Deportiva poderá adoptar medidas cautelares sempre que iso non supoña un prexuízo irreparábel e as medidas sexan proporcionadas á infracción cometida.

Artigo 75. Infraccións e sancións.

Ademais das condutas infractoras recollidas no articulado dos presentes Estatutos, serán corrixíbeis disciplinariamente as condutas catalogadas como transgresoras no Código de Disciplina Deportiva da FEDC. Así mesmo, establecerase no Código un catálogo de sanción en relación coas condutas infractoras.

Artigo 76. Efectos das sancións.

Cando pola súa extensión temporal unha sanción non se poida aplicar en todo ou en parte nunha mesma temporada deportiva, os seus efectos estenderanse á seguinte temporada, até finalizar o prazo da referida sanción.

Artigo 77. Recoñecemento e aplicación de resolucións sancionadoras doutros organismos.

1. A FEDC recoñecerá e aplicará as sancións adoptadas por federacións autonómicas a ela adscritas, sempre que estas foren comunicadas en tempo e forma.

2. Do mesmo modo, as federacións autonómicas comprométese a aplicar as sancións adoptadas polo Comité de Disciplina da FEDC a aqueles/as deportistas, guías ou adestradores/as que tomen parte en competicións autonómicas, se non puideron ser aplicadas en competicións estatais.

3. A FEDC recoñecerá e aplicará as sancións que adopten ou recaian sobre deportistas, guías ou adestradores/as pola Axencia Estatal Comisión Española para a Loita Antidopaxe no Deporte (CELAD).

Artigo 78. Rexistro de sancións.

A FEDC levará un rexistro de sancións, cuxo contido será regulado no Regulamento ou Código de Disciplina Deportiva.

Artigo 79. Normativa aplicábel.

No non recollido no Regulamento disciplinario da FEDC, devirán aplicábeis, segundo a natureza das infraccións, os preceptos da Lei 39/2022, de 30 de decembro, reguladora do Deporte; a Lei 19/2007, de 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no Deporte; a Lei Orgánica 11/2021, de 28 de decembro, de loita contra a dopaxe no deporte; as normas de desenvolvemento destas e calquera outra norma que a substitúa ou complementa.

Sección segunda. Órganos disciplinarios

Artigo 80. Denominación e competencias.

No seo da FEDC son órganos que ostentan potestade sancionadora no procedemento disciplinario:

- a) Xuíces/xuízas e árbitros/as. Durante o desenvolvemento das competicións e probas poderán impor sancións inmediatas, de conformidade co Código de Disciplina Deportiva e o regulamento técnico de cada especialidade deportiva recoñecida pola FEDC.
- b) O Comité de Competición e Disciplina Deportiva, de acordo co establecido no artigo seguinte.
- c) A presidencia executa as sancións impostas polos órganos disciplinarios, após adquiriren firmeza.

Artigo 81. Comité de competición e disciplina deportiva.

1. Os membros do Comité de Competición e Disciplina Deportiva serán designados pola Asemblea Xeral a proposta da Xunta Directiva. Estará constituído por unha presidencia e dúas vogalías e poderá incluír criterios para designar suplentes para previr o caso de que se produzan vacantes. Asumirá a secretaría quen ostente a secretaría xeral da FEDC, con voz e sen voto.

2. O Comité de Competición e Disciplina Deportiva da FEDC impondrá en primeira instancia as sancións correspondentes ás infraccións cometidas por persoas adscritas á Federación, de conformidade coa lexislación, os Estatutos e o Código de Disciplina Deportiva.

3. O funcionamento do Comité de Competición e Disciplina Deportiva desenvolverase no código de disciplina deportiva da Federación.

CAPÍTULO II

Natureza, resolución de litixios e impugnación de acordos

Artigo 82. Actos sancionadores de natureza pública

Son actos da FEDC susceptibles de recurso nos termos previstos no título V capítulo II da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas:

- a) Os de expedición ou denegación de expedición de licenzas deportivas.
- b) A cualificación de competicións oficiais de ámbito estatal.

Artigo 83. Actos sancionadores de natureza privada.

Terán natureza privada no seo da FEDC:

- a) Os acordos e medidas que poida adoptar a Asemblea Xeral en relación coa súa organización interna e das competicións que lle correspondan á mesma.
- b) As actuacións relativas á interpretación dos convenios de integración e separación das federacións autonómicas na FEDC.
- c) Todas as actuacións relativas a licenzas distintas á expedición ou denegación.
- d) As actuacións relativas á organización da competición, inscricións, descensos, ascensos e calquera outra derivada das mesmas, incluídos os elementos disciplinarios ligados á práctica, organización e desenvolvemento da competición e as responsabilidades derivadas das mesmas.
- e) Os conflitos que poidan xurdir en relación co cesamento ou a moción de censura dos cargos dos órganos federativos e co funcionamento da FEDC cando non afecte a funcións públicas.
- f) Os conflitos que poidan xurdir en relación coa explotación económica das competicións deportivas de toda índole.
- g) Os convenios e contratos que celebren axentes privados en relación coa execución de competicións en idade escolar ou universitaria.

- h) Os contratos e convenios que celebre a FEDC en relación coa actividade deportiva non oficial.
- i) Calquera outra actuación que non teña atribuído carácter administrativo segundo o disposto nesta lei.

Artigo 84. Recurso perante a xurisdición contencioso-administrativo.

1. Os actos administrativos previstos no artigo 116 da Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte poderán ser impugnados de conformidade co establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, e na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-administrativa.

2. A impugnación das resolucións do Tribunal Administrativo do Deporte rexerase polo disposto no artigo 120 da Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.

Artigo 85. Recurso perante a xurisdición civil.

Os tribunais da orde civil serán competentes para coñecer das cuestións de natureza privada previstos na lexislación deportiva.

Artigo 86. Sistema extraxudicial de resolución de conflitos.

1. A FEDC disporá dun sistema común de carácter extraxudicial de solución de conflitos que se rexera segundo o previsto na lexislación deportiva vixente. Este sistema extraxudicial de solución de conflitos terá carácter voluntario e será gratuíto para as persoas deportistas, que deberán manifestar a súa aceptación expresa.

2. O sistema común de carácter extraxudicial de solución de conflitos ao que se somete a FEDC será aquel que se encontre expresamente previsto na lexislación estatal do deporte, en desenvolvemento do disposto na Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte.

3. Contra os laudos ou acordos que se poidan adoptar no marco do sistema extraxudicial de solución de conflitos a que fai referencia o apartado anterior poderá exercitarse a acción de anulación ou solicitarse a revisión perante a xurisdición civil nos termos previstos no título VII da Lei 60/2003, de 23 de decembro, de Arbitraje, ou a acción de nulidade, conforme ao disposto no artigo 23.4 da Lei 5/2012, de 6 de xullo, de mediación en asuntos civís e mercantís.

CAPÍTULO III Loita contra a dopaxe

Artigo 87. Declaración.

A Federación Española de Deportes para Cegos aposta polos valores do esforzo, superación, comportamento ético e xogo limpo, en todas as actividades deportivas que programe.

Artigo 88. Ámbito subxectivo e obxectivo.

1. Dentro das accións encamiñadas á protección da saúde no deporte, atópanse aquelas que teñan por finalidade a represión e loita contra as condutas que supoñan dopaxe.

2. Estarán suxeitos ás normas sobre control e represión da dopaxe:
 - a) Deportistas con licenza da FEDC ou habilitada por esta.
 - b) Deportistas que participen en probas oficiais de ámbito estatal.
 - c) Deportistas internacionais que participen en competicións oficiais.
 - d) Deportistas que estiveran en posesión da licenza, mesmo cando non a tivesen no momento de se iniciar o procedemento sancionador.
 - e) Deportistas que simulen abandonar a práctica deportiva.
 - f) Deportistas que solicitaran a licenza da FEDC ou homologada.
 - g) Guías e deportistas de apoio.
 - h) Todas as persoas recollidas na Lei Orgánica 11/2021, de 28 de decembro, de loita contra a dopaxe no deporte.
3. Os deportistas, guías e deportistas de apoio con licenza para participar en competicións oficiais de calquera ámbito estarán obrigados a someterse aos controis de dopaxe durante as competicións ou fóra delas, a requirimento de calquera organismo con competencias para isto.
4. A FEDC poderá realizar controis de dopaxe naquelas actividades deportivas que non sexan competición oficial, se así o decidir.

Artigo 89. Regulación e procedemento.

As normas reguladoras da represión da dopaxe, así como o procedemento a seguir, atópanse na Lei orgánica 11/2021, de 28 de decembro, de loita contra a dopaxe no deporte ou norma que a substitúa, así como na normativa complementaria e de desenvolvemento desta lexislación que puiden ser promulgada.

CAPÍTULO IV

Medidas contra a violencia, o racismo, a xenofobia, condutas sexistas e contra a intolerancia no deporte

Artigo 90. Posicionamento.

1. De conformidade coa Constitución Española e as normas internacionais, a Federación Española de Deportes para Cegos non permitirá no seu seo discriminacións por razóns de discapacidade, raza, sexo ou orientación sexual, posición social, política, relixiosa ou ideolóxica.
2. A FEDC rexeita, por ser incompatíbel co deporte, calquera tipo de violencia, incluída a verbal.
3. As actividades que organiza a Federación deben ser un punto de encontro para os/as deportistas.
4. Todos/as os/as que conforman o círculo deportivo respectarán os principios da ética, o dereito á diferenza e á diversidade.

5. O deporte debe fomentar o xogo limpo, a convivencia, a integración e inclusión social das persoas e, máis especificamente, das persoas con discapacidade visual, nunha sociedade democrática e plural.

Artigo 91. Obxecto e ámbito.

1. As normas do presente capítulo teñen por obxecto velar por que, nas competicións oficiais que organiza a FEDC, non se produzan manifestacións de violencia, xenofobia, racismo, segregación sexista, por razón de discapacidade que padeza unha persoa, ou por ideoloxía e intolerancia.

2. Estas normas son de aplicación aos directivos, persoal administrativo, técnicos, adestradores, guías, deportistas e calquera outra persoa que se integre nas actividades organizadas pola FEDC, sexan de ámbito estatal, competicións internacionais ou amigábeis.

Artigo 92. Conceptos.

1. Son actos ou condutas violentas ou que incitan á violencia no deporte:

a) A participación activa en altercados, rifas, pelexas ou desordes públicos nos recintos deportivos, nos seus arredores ou nos medios de transporte organizados para acudir aos mesmos, cando tales condutas estean relacionadas cun acontecemento deportivo que se vaia celebrar, estea celebrándose ou se teña celebrado.

b) A exhibición nos recintos deportivos, nos seus arredores ou nos medios de transporte organizados para acudir aos mesmos de pancartas, símbolos, emblemas ou lendas que, polo seu contido ou polas circunstancias nas que se exhiban ou usen de algunha forma inciten, fomenten ou axuden á realización de comportamentos violentos ou terroristas, ou constitúan un acto de manifesto desprezo ás persoas participantes no espectáculo deportivo.

c) A entoación de cánticos que inciten á violencia, ao terrorismo ou á agresión nos recintos deportivos, nos seus arredores ou nos medios de transporte organizados para acudir aos mesmos. Igualmente, aqueles que constitúan un acto de manifesto desprezo ás persoas participantes no espectáculo deportivo.

d) A irrupción non autorizada nos terreos de xogo.

e) A emisión de declaracións ou a transmisión de informacións, con ocasión da próxima celebración dunha competición ou espectáculo deportivo, xa sexa nos recintos deportivos, nos seus arredores ou nos medios de transporte nos que se poida desprezar aos recintos deportivos, en cuxa virtude se ameace ou incite á violencia ou á agresión aos participantes ou asistentes aos devanditos encontros, así como a contribución significativa mediante tales declaracións á creación dun clima hostil, antideportivo ou que promova o enfrontamento físico entre os participantes en encontros ou competicións deportivas ou entre asistentes aos mesmos.

f) A facilitación de medios técnicos, económicos, materiais, informáticos ou tecnolóxicos que dean soporte á actuación das persoas ou grupos que promovan a violencia, ou que inciten, fomenten ou axuden aos comportamentos violentos ou terroristas,

ou a creación e difusión ou uso de soportes dixitais utilizados para a realización destas actividades.

2. Son actos racistas, xenófobos ou intolerantes no deporte:

a) A realización de actos en que, publicamente ou con intención de ampla difusión, e con ocasión do desenvolvemento dunha proba, competición ou espectáculo deportivo, ou próxima a súa celebración, unha persoa física ou xurídica emita declaracións ou transmita informacións en cuxa virtude unha persoa ou grupo delas sexa ameazada, insultada ou vexada por razón da orixe racial, étnica, xeográfica ou social, así como pola relixión, as conviccións, a discapacidade, a idade ou a orientación sexual.

b) As actuacións que, con ocasión do desenvolvemento dunha proba, competición ou espectáculo deportivo ou próxima a súa celebración, ou nos recintos deportivos, nos seus arredores, ou nos medios de transporte públicos nos que se poida desprazar aos recintos deportivos, supoñan acoso, entendendo por tal toda conduta non desexada relacionada coa orixe racial ou étnica, xeográfica ou social, así como a relixión ou conviccións, discapacidade, idade ou orientación sexual dunha persoa, que teña como obxectivo ou consecuencia atentar contra a súa dignidade e crear unha contorna intimidatoria, humillante ou ofensiva.

c) As declaracións, xestos ou insultos proferidos nos recintos deportivos con motivo da celebración de actos deportivos, nos seus arredores ou nos medios de transporte públicos nos que se poidan desprazar aos mesmos, que supoñan un trato manifestamente vexatorio para calquera persoa por razón da súa orixe racial, étnica, xeográfica ou social, así como pola relixión, as conviccións, a discapacidade, idade, sexo ou orientación sexual así como os que inciten ao odio entre persoas e grupos ou que atenten gravemente contra os dereitos, liberdades e valores proclamados na Constitución.

d) A entoación, nos recintos deportivos con motivo da celebración de actos deportivos, nos seus arredores ou nos medios de transporte públicos nos que se poidan desprazar aos mesmos, de cánticos, sons ou consignas, así como a exhibición de pancartas, bandeiras, símbolos ou outros sinais que conteñan mensaxes vexatorios ou intimidatorios, para calquera persoa por razón da orixe racial, étnica, xeográfica ou social, pola relixión, as conviccións, a súa discapacidade, idade, sexo ou orientación sexual, así como os que inciten ao odio entre persoas e grupos ou que atenten gravemente contra os dereitos, liberdades e valores proclamados na Constitución.

e) A facilitación de medios técnicos, materiais, informáticos ou tecnolóxicos que dean soporte, inciten ou axuden a persoas ou grupos de persoas a realizar nos recintos deportivos con motivo da celebración de actos deportivos, nos seus arredores ou nos medios de transporte públicos nos que se poidan desprazar os mesmos, os actos enunciados nos apartados anteriores.

f) A facilitación de medios técnicos, económicos, materiais, informáticos ou tecnolóxicos ás persoas e grupos que promovan os comportamentos racistas, xenófobos e intolerantes no deporte, así como a creación e uso de soportes dixitais coa mesma finalidade.

Artigo 93. Réxime sancionador e ámbito de aplicación.

A tipificación das infraccións, a determinación da responsabilidade e as súas causas modificativas e extintivas, o procedemento e as sancións a impor, así como a prescripción, regularanse no Código de Disciplina Deportiva da FEDC, aplicándose supletoriamente o establecido na Lei 19/2007, de 11 de xullo, contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte.

Artigo 94. Suspensión da actividade deportiva e desaloxo total ou parcial da instalación.

1. Cando, durante o desenvolvemento dunha competición, proba ou espectáculo deportivo, tivesen lugar incidentes de público relacionados coas condutas definidas neste capítulo ou que supoñan o incumprimento das obrigas dos espectadores e asistentes, o árbitro ou xuíz deportivo que dirixa o encontro ou proba poderá decidir a súa suspensión provisional como medida para o restablecemento da legalidade.

2. Se transcorrido un tempo prudencial en relación coas circunstancias concorrentes persistise a situación, poderá acordarse solicitar do titular da instalación que adopte as medidas oportunas para o desaloxo do espectador ou grupo de espectadores que interviñeran nos incidentes e a posterior continuación do encontro. Esta decisión adoptárase a porta pechada e de mutuo acordo polo árbitro ou xuíz deportivo, os representantes dos equipos contendentes, o representante da FEDC e o titular da instalación. Os feitos faranse constar na oportuna acta.

3. A suspensión comunicárase ao público por medio da megafonía, instándose ao voluntario desaloxo da instalación.

4. Para a adopción desta medida será necesario ponderar os seguintes elementos:

- a) O normal desenvolvemento da competición.
- b) A previsíbel evolución dos acontecementos que puidese supor entre o público a orde de desaloxo.
- c) A gravidade dos feitos acaecidos.

CAPÍTULO V

Da prevención do acoso e abuso sexual

Artigo 95. Obxectivos.

O obxectivo último das presentes normas é promover entre as persoas que participen nas actividades da FEDC a práctica deportiva nun marco de liberdade. Para iso adoptaranse as medidas oportunas para:

- a) Previr posíbeis situacións de acoso e abuso sexual entre persoas que participen nas actividades da FEDC, con independencia da condición na que o fagan.
- b) Establecer un procedemento de actuación perante indicios de situacións de acoso e abuso sexual.

- c) Promover un contexto social de rexeitamento e unha axeitada resposta ante calquera modalidade de violencia sexual contra adultos e persoas menores de idade.
- d) Cumprir coa obriga imposta á FEDC pola Lei Orgánica 11/2021, de 28 de decembro, de loita contra a dopaxe no deporte, de preservar a saúde física e psíquica dos seus federados/as.

Artigo 96. Ámbito de aplicación.

1. Estas normas aplicaranse aos profesionais e deportistas federados, así como a todas as persoas que presten servizos para a Federación Española de Deportes para Cegos tales como guías, colaboradores/as, árbitros/as e xuíces/xuízas, adestradores/as, técnicos/as, médicos/as, fisioterapeutas, acompañantes, voluntarios/as, administrativos/as e directivos/as responsábeis.

2. Así mesmo, é de aplicación ás persoas menores de idade e aos adultos, contemplándose procedementos diferenciados en cada caso, tomándose en consideración a especial condición de vulnerabilidade dos nenos, nenas e adolescentes.

Artigo 97. Conceptos.

Considérase acoso ou abuso sexual aquela ou aquelas condutas tipificadas como tales na lexislación vixente (artigos 178 a 194 da Lei Orgánica 10/1995 do Código Penal), e no protocolo de loita contra a violencia sexual e o acoso sexual da FEDC, que se produzan no ámbito executivo de actuación da Federación, quer de forma esporádica, quer continuada, sempre que demostre, ben a súa existencia, ben indicios claros de que se puideran ter producido.

Artigo 98. Protocolo de prevención e normas sancionadoras.

1. A FEDC disporá dun protocolo de prevención do acoso e abuso sexual no deporte, recollendo nel cantas medidas foren necesarias para atinxir o obxectivo indicado.

2. A Federación integrará no Código de disciplina deportiva a tipificación destas infraccións, as sancións que se deban aplicar, o procedemento a seguir e medidas cautelares.

TÍTULO V - PROTECCIÓN DA SAÚDE DOS DEPORTISTAS

Artigo 99. Protección da saúde no deporte.

Establecer un sistema de protección da saúde no deporte é competencia do Consello Superior de Deportes.

A FEDC asumirá as obrigas e compromisos da lexislación que lle asigne nesta materia e realizaraos coa maior dilixencia.

TÍTULO VI - RÉXIME ECONÓMICO

Artigo 100. Do Patrimonio.

1. A FEDC ten orzamento e patrimonio propios destinados ao cumprimento do seu obxecto, debendo aplicar a totalidade das súas rendas aos fins deportivos para os que se constitúe.

2. O patrimonio da FEDC estará integrado polos bens e dereitos cuxa titularidade lle corresponda.

3. O réxime económico-administrativo da Federación réxese polos presentes Estatutos e polo Regulamento Económico-Administrativo que os desenvolve, cuxa aprobación corresponde á Comisión Delegada.

Artigo 101. Orzamento.

1. A Federación Española de Deportes para Cegos non poderá aprobar orzamentos deficitarios, agás autorización expresa do Consello Superior de Deportes.

2. O proxecto de orzamento anual será elaborado pola presidencia e referendado pola Xunta Directiva, que o elevará á Comisión Delegada e esta á Asemblea Xeral (acompañado dun informe) para a súa aprobación.

3. As contas anuais e a liquidación do orzamento, formuladas pola Xunta Directiva, deberán ser aprobadas polo pleno da Asemblea Xeral, previo informe da Comisión Delegada.

Artigo 102. Recursos.

Son recursos da FEDC os seguintes:

- a) As subvencións que as entidades públicas ou privadas lle poidan conceder.
- b) As subvencións que a ONCE lle poida outorgar.
- c) Os beneficios que produzan as actividades e competicións deportivas que organice.
- d) Os beneficios derivados dos contratos que realice.
- e) O importe a percibir pola cota correspondente á licenza federativa dos suxeitos ao seu aboamento e, no seu caso, o que deba percibir das Federacións autonómicas.
- f) No seu caso, as cantidades que puidese percibir dos participantes en competicións, cando estas se realicen en réxime de copagamento ou por dereitos de inscrición.
- g) Os froitos, rendas e xuros obtidos do seu patrimonio.
- h) As rendas de bens inmóbeis e dos valores da súa carteira, xuros de contas financeiras e o produto do alleamento dos seus bens.
- i) Os préstamos ou créditos que obteña.

- j) As doazóns, premios legados e herdanzas, sempre que os dous últimos sexan aceptados a beneficio de inventario.
- k) Calquera outro que se poida ser atribuído por disposición legal ou en virtude de convenio.

Artigo 103. Administración e Xestión do seu Patrimonio e Orzamento.

1. A FEDC ten o seu propio réxime de administración e xestión de orzamento e patrimonio e terá en conta as seguintes regras:

- a) Pode promover e organizar actividades e competicións deportivas dirixidas ao público, debendo aplicar os beneficios económicos, se os houber, ao desenvolvemento do seu obxecto social.
- b) Pode gravar e allear os seus bens inmóbeis, tomar diñeiro a préstamo e emitir títulos representativos de débeda ou de parte alícuota patrimonial, sempre que os devanditos negocios xurídicos non comprometan de modo irreversible o patrimonio da entidade ou o seu obxecto social. O procedemento e os criterios para realizar estas actuacións desenvolveranse no Regulamento Económico-Administrativo da FEDC.
- c) Pode exercer, complementariamente, actividades de carácter industrial, comercial, profesional ou de servizos e destinar os seus bens e recursos aos mesmos obxectivos deportivos, mais en ningún caso poderá repartir beneficios entre os seus membros. Estas actividades deben gardar conexión co seu obxecto social.
- d) Non poderá comprometer gastos de carácter plurianual sen autorización previa do Consello Superior de Deportes, cando o gasto anual comprometido supere o 10% do seu orzamento e supere o período de mandato da presidencia.
- e) A contabilidade axustarase ás normas de adaptación do Plan Xeral de Contabilidade ás federacións deportivas españolas.
- f) A FEDC poderá someterse anualmente a auditorías financeiras e no seu caso de xestión, así como a informes de revisión limitada, sobre a totalidade dos gastos. Estas actuacións poderán ser encargadas e sufragadas polo Consello Superior de Deportes.
- g) Á realización dos fins federativos deberá ser destinado, polo menos, o 70 por 100 dos resultados das explotacións económicas que se desenvolvan e dos ingresos que se obteñan por calquera outro concepto, deducidos os gastos realizados, para a obtención de tales resultados ou ingresos, debendo destinar o resto a incrementar ben o “fondo social” ou ben as reservas segundo acordo da asemblea.
- h) Os gastos realizados para a obtención de tales ingresos poderán estar integrados, no seu caso, pola parte proporcional dos gastos por servizos exteriores, dos gastos de persoal, doutros gastos de xestión, dos gastos financeiros e dos tributos, en canto que contribúan á obtención dos ingresos, excluindo deste cálculo os gastos realizados para o cumprimento dos fins estatutarios.

- i) Os investimentos financeiros temporais que realice a Federación deberán someterse ao Código de Conduta aprobado polos órganos da Federación, así como ao Código de Ética Deportiva aprobado polo Consello de Europa o 24 de setembro de 1992 ou a calquera outro que o substitúa.
- j) Despois de cada elección á presidencia, a FEDC aprobará un plan de risco relativo ao goberno corporativo, adoptándose as medidas adecuadas.
- k) O seguimento do Código de Bo Goberno corresponderá a terceiros independentes ou a un órgano interno formado por persoas sen vinculación algunha de carácter económico ou profesional coa FEDC. Os informes ou documentos que resulten deste seguimento faranse públicos na web da respectiva entidade deportiva.
- l) Con carácter anual, a FEDC elaboraría un Informe de Bo Goberno, que someterá á aprobación da Asemblea Xeral, no que se concretará o grao de cumprimento das recomendacións efectuadas conforme o previsto no apartado anterior ou, en caso contrario, determinaranse as razóns polas que non se cumpriron. O informe, unha vez aprobado pola Asemblea Xeral, será remitido ao Consello Superior de Deportes.
- m) Cando a persoa titular da presidencia ou calquera membro da Xunta Directiva foren condenados por sentenza firme, deberán abandonar o cargo de maneira inmediata, notificando tal circunstancia ao Consello Superior de Deportes.
- n) O Código de Bo Goberno deberá constar, como mínimo, do establecemento de canles de denuncia, réxime sancionador sobre o incumprimento deste e as formas de comunicación e formación que se establezan para o devandito Código.

2. Os recursos económicos da Federación deberán estar depositados en entidades bancarias ou de aforro a nome de Federación Española de Deportes para Cegos (FEDC), sendo necesarias dúas sinaturas mancomunadas conxuntas, autorizadas pola presidencia, para dispor destes fondos.

3. A Xunta Directiva, a proposta da presidencia, poderá autorizar a esta a apertura e cancelación de contas correntes a nome da FEDC.

TÍTULO VII - RÉXIME DOCUMENTAL

Artigo 104. Libros.

Todos os libros rexistro da FEDC poderán, cumprindo coa normativa vixente en cada momento, plasmarse en soporte electrónico ou telemático, para o cal se autoriza á Presidencia a adoptar cantas medidas foren necesarias.

Artigo 105. Depósito de contas anuais.

Unha vez aprobadas pola Asemblea Xeral ordinaria as contas anuais que formule a Xunta Directiva, procederase á súa presentación, xunto co informe de auditoría, no rexistro habilitado para o efecto no Consello Superior de Deportes.

TÍTULO VIII - EXTINCIÓN

Artigo 106. Causas de extinción.

A FEDC extinguirase polas seguintes causas:

- a) Por acordo da Asemblea Xeral da Federación adoptado por maioría absoluta e ratificado polo Consello Superior de Deportes.
- b) Pola revogación do seu recoñecemento.
- c) Por resolución xudicial.
- d) Por integración noutras federacións.
- e) Polas demais causas previstas no ordenamento xurídico xeral.

Artigo 107. Liquidación.

Unha vez producida a liquidación, eventualmente, en caso de disolución da FEDC, o patrimonio neto, se o houber, destinarase a unha entidade considerada como entidade beneficiaria do mecenado ou a entidades públicas de natureza non fundacional que persigan fins de interese xeral, análogos aos da Federación, determinándose a devandita entidade polo Consello Superior de Deportes.

TÍTULO IX - MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS

Artigo 108. Modificación de Estatutos.

1. A Proposta para a modificación de Estatutos formularase pola Asemblea Xeral a proposta da presidencia ou do 15 por cento dos seus membros.
2. A aprobación da modificación requirirá a maioría absoluta dos membros da asemblea.
3. Non se poderá iniciar a reforma dos Estatutos após convocadas as eleccións á Asemblea Xeral e á presidencia da Federación, ou após a presentación dunha moción de censura.

DISPOSICIÓNS ADICIONAIS

Disposición adicional primeira.

Todas as mencións contidas nestes Estatutos ás federacións de ámbito autonómico deben ser entendidas referidas non só ás que integren exclusivamente as persoas con discapacidade visual, senón tamén ás que integran deportistas con diferentes capacidades, nas que a integración e a representatividade se limitarán ao colectivo de persoas con discapacidade visual.

Disposición adicional segunda.

A FEDC recolle a posibilidade de crear conxuntamente coas restantes Federaci3ns Espa3olas de Deportes para Persoas con Discapacidade, tal como se especifica no Artigo 1.º punto 5.º do Real Decreto 1835/1991, unha Confederaci3n de 3mbito nacional para poder coordinar as actividades com3ns 3s mesmas e de contribuír, na medida que lle corresponda, coa elaboraci3n e presentaci3n dos Estatutos desta Confederaci3n, para a súa aprobaci3n perante a Comisi3n Directiva do Consello Superior de Deportes.

Disposición adicional terceira.

A FEDC poder3 publicar, para efectos informativos, circulares contendo informaci3n sobre competici3ns propias, doutras federaci3ns polideportivas ou unideportivas nas que se poidan integrar persoas con discapacidade visual. As3 mesmo, poder3, utilizando a súa p3xina web, publicar cantas notas informativas estime necesarias, sobre feitos relevantes ou contendo informaci3n xeral sobre o funcionamento da FEDC ou espec3fica para unha modalidade ou especialidade deportiva.

Disposición adicional cuarta.

Habil3tase 3 secretar3a xeral da Federaci3n a fin de que sexa publicada na p3xina web da Federaci3n a lexislaci3n esencial reguladora da Federaci3n que deber3 ser revisada periodicamente e, m3is especificamente, cando se produzan mudanzas normativas esenciais, co obxecto de actualizar o seu contido.

Disposición adicional quinta.

A FEDC adquiriu un compromiso firme na defensa e na aplicaci3n efectiva do principio de igualdade entre mulleres e homes e entende que debe velar por que na comunicaci3n interna e externa da Federaci3n se utilice unha linguaxe non sexista. Para iso, intenta recorrer a t3cnicas de redacci3n que permitan facer referencia 3s persoas sen especificar o seu sexo. As3 e todo, nos documentos normativos en ocasi3ns 3 necesaria a utilizaci3n de termos xen3ricos, especialmente nos plurais, para garantir claridade, rigor e facilidade de lectura, sen que isto sup3a ignorancia en canto 3 necesaria diferenciaci3n de x3nero, nin un menor compromiso coas pol3ticas de igualdade e contra a discriminaci3n por raz3n de sexo.

En prol do cumprimento deste principio, a FEDC realizar3 un informe anual de igualdade entre mulleres e homes respecto das competici3ns que organice, que ser3 elevado ao Consello Superior de Deportes e ao Instituto das Mulleres, as3 como ao Consello para a Eliminaci3n da Discriminaci3n Racial ou 3tnica. Este informe ser3 de car3cter p3blico e ser3 elaborado coa participaci3n de representantes de todos os estamentos membros da asemblea da FEDC.

As3 mesmo, a FEDC conta cun protocolo de prevenci3n e actuaci3n para situaci3ns de discriminaci3ns, abusos ou acoso sexual e acoso por raz3n de sexo. De acordo con este protocolo, deber3 p3rse en coñecemento do organismo sancionador dependente do Consello Superior de Deportes calquera actuaci3n que poida ser considerada

discriminación, abuso ou acoso sexual e/ou acoso por razón de sexo ou autoridade, para ser sancionada como falta grave atendendo ao establecido no artigo 105 da Lei do Deporte.

Disposición adicional sexta.

1. A FEDC poderá desenvolver un programa de voluntariado deportivo que permita a participación cidadá organizada no exercicio das accións da área de actuación da actividade física e o deporte, de acordo co establecido no artigo 6.1.e) da Lei 45/2015, de 14 de outubro, de Voluntariado.

2. A aquelas persoas que desenvolvan as súas labores de voluntariado no ámbito descrito no apartado anterior, seralles aplicábel o réxime recollido nesta Lei 45/2015, de 14 de outubro.

3. As persoas voluntarias deberán acreditar o coñecemento e formación suficientes cando lle sexan encomendadas tarefas de carácter técnico, para o que a FEDC desenvolverá programas formativos acordes ás tarefas de carácter técnico delegadas no persoal voluntario, incidindo fundamentalmente na xestión do risco e a seguridade nos deportes no medio natural.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

Disposición transitoria única.

Até en tanto non foren adaptadas ao novo texto dos presentes Estatutos, continuarán en vigor todos os regulamentos e normativas vixentes no momento de seren publicados.

DISPOSICIONES FINAIS

Disposición final primeira. Entrada en vigor.

Os estatutos das federacións deportivas españolas, así como as súas modificacións, unha vez ratificados polo Consello Superior de Deportes, serán inscritos no Rexistro Estatal de Entidades Deportivas, entrando en vigor tras a súa publicación no “Boletín Oficial do Estado”. Así mesmo, os estatutos estarán permanentemente accesíbeis na web da federación, en todas as linguas oficiais e recoñecidas polos Estatutos de Autonomía, sen prexuízo de calquera outro medio que asegure a súa publicidade.

Disposición final segunda. Derogación.

Mediante a aprobación do presente texto, fican derogados os Estatutos da Federación Española de Deportes para Cegos, aprobados polo Consello Superior de Deportes e publicados mediante Resolución de data 14 de xuño de 2016 e cantos outros textos precedentes foran promulgados, así como as normas de desenvolvemento promulgadas pola FEDC que se opoñan ao contido dos presentes Estatutos.

Disposición final terceira. Autorización de modificación.

Autorízase á Comisión Delegada para que modifique os presentes Estatutos, exclusivamente cando sexa como consecuencia das indicacións do Consello Superior de Deportes para a ratificación destes Estatutos.